

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE
NOVEMBRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 27 de agosto de 2009, e á sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2009

A secretaria da corporación fai constar que non se puido facer entrega da acta da sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2009.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 15 de setembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 27 de agosto de 2009.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros que neste momento forman parte da corporación, aprobou o citado borrador.

2º Proposta de prórroga da delegación na Deputación Provincial da Coruña das competencias en materia de xestión tributaria e recadación

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de novembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 24 de novembro actual.

O Sr. alcalde explica que se trata dun punto que require a súa aprobación por maioría absoluta e, polo tanto, pídelle aos grupos que se abstiveron na comisión informativa que se manifesten sobre a delegación desta xestión na Deputación.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que este punto necesita maioría e, o actual equipo de goberno, co pacto PSOE máis BNG, hoxe, non ten maioría, polo tanto di que o PP, que se ía abster, non ten inconveniente en votar a prol, porque considera que a Deputación, dende logo, non o vai facer peor que este concello.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que este é un punto que xa trataron anteriormente, cre que foi no mes de xaneiro, onde a petición do seu grupo, solicitaron que se deixase enriba da mesa porque requirían un informe máis extenso e máis concreto por parte de Tesourería, como se fixo neste momento.

Di que están decidindo que a recadación se prorrogue 10 anos máis, que sexa a Deputación a que faga ese tipo de xestión. Ao seu grupo parecíalle que, dalgunha maneira, pódese hipotecar o que é unha posible alternativa que poidan dar outras corporacións, ou posibles alternativas que poidan xurdir nos diversos concellos que forman a área metropolitana para facer ese tipo de xestións, e entón quedarían condicionados por un prazo duns 12 anos. Preguntaron en Tesourería se neste período de tempo se podía rescindir o contrato, e di que hoxe chamouno persoalmente a tesoureira e díxolle que non se podía facer, motivado en varias actuacións que facía a Deputación, que estaba mellorando a súa tecnoloxía, e que facía un investimento importante, e por iso tiña que asegurar que se fixera por 10 anos.

Continúa dicindo que sopesaron a posibilidade de manter o seu voto de abstención, pero consideraron que segundo informe de Tesourería, a Deputación pode ser a solución máis idónea nestes tempos. Evidentemente houbo algún tipo de problemas con Deputación, pero cre que se foron subsanando, así que recapitaron, e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que mantén o seu voto de abstención.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezanove votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Prorrogar a delegación da xestión tributaria e recadatoria na Deputación durante dez anos máis a partir do 1 de xaneiro de 2012, nas condicións establecidas nas Bases para a prestación dos servizos tributarios nos municipios que teñen delegada a xestión, recadación e inspección na Deputación, aprobadas pola propia Deputación na sesión plenaria de 21 de decembro de 2007, e nas que se establece o procedemento para a adopción do novo acordo de delegación.

Segundo: Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de trinta días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación para a presentación de alegacións ao devandito acordo. De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

Terceiro: Trasladar o acordo definitivo á Deputación mediante certificación expedida pola secretaria do Concello, aceptando a delegación e facendo constar que o acordo municipal se axusta ás Bases sinaladas

Cuarto: Publicar o acordo no BOP e no DOGA, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7.2 do TRLRFL.

3º Proposta de aprobación do expediente de modificación orzamentaria de transferencia de crédito número 8/2009

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de novembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 24 de novembro actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu voto vai ser en contra. Di que non están polo labor de que se reduza o orzamento da Policía municipal. Son demandas que veñen facendo dende hai tempo, que se debe reforzar a Policía municipal en Cambre, que se debe reforzar o servizo de Protección Civil, e baixo ningún concepto están dispostos a aceptar que non só non se faga, senón que, ademais, se rebaixe o orzamento. Polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o voto do seu grupo vai ser a prol desta proposta, porque consideran que se fixeron unha serie de investimentos e reparacións en varios centros e, entón, hai que dotalos de mobles, procurando que os orzamentos, a partir de agora, sexan máis axustados e non recorrer a este tipo de modificacións, e que estas sexan as menos posibles. O voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o seu voto vai ser de abstención.

O Sr. alcalde dille ao concelleiro do PP que non se saca nada á Policía, son complementos que había de persoal, que non se convocaron as prazas, pero non se diminúe nada da Policía.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporacion, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 8/2009, por importe de 96.664,33 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
Código	Denominación				
432.210	Reparación infraestructura urbana	95.000,00	14.000,00		109.000
451.212	Reparación centros socio culturais	5.000,00	3.000,00		8.000
412.212	Reparacións do centro de saúde	3.500,00	2.000,00		5.500
313B.22608	Actividades terceira idade	32.319,00	2.600,00		34.919
441.210	Reparación rede abastecemento e saneamento	70.000,00	16.000,00		86.000
444.22608	Actividades de Medio Ambiente	8.000,00	3.000,00		11.000
451.22608	Actividades Culturais	147.000,00	26.000,00		173.000
451.22700	Limpeza locais culturais	9.500,00	2.000,00		11.500
441.611	Outras obras saneamento e abastecemento	1.310.754,24	6.000,00		1.316.754,24
451.622	Investimentos en edificios culturais	777.536,91	22.064,33		799.601,24
011.310	Intereses	240.652,91		35.000,00	205.652,91
222.121	Retribucións complementarias policía	402.778,67		30.000,00	372.778,67
222.16000	Cuota seguridade social policía	209.429,82		16.664,33	192.765,49

111.100	Retribucións altos cargos	207.018,59		15.000,00	192.018,59
Total		3.518.490,14	96.664,33	96.664,33	3.518.490,14

Sendo no caso de investimentos os seguintes proxectos afectados:

Partida orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
441.611	6.000,00	09-2-441008	Outros investimentos en saneamento e abastecemento.
451.622	16.198,38	09-2-45100203	Diversos traballos local social Brexo Lema
451.622	5.865,95	08-2-451001	Acondicionamento centro socio cultural do Graxal

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

4º Proposta de aprobación do expediente de modificación orzamentaria de suplemento de crédito número 4/2009

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de novembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 24 de novembro actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai manter o voto emitido na comisión, e que vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, ao igual que no punto anterior, e co fin de non paralizar unha serie de investimentos que se van facer en diversos centros socioculturais do concello, como así o teñen solicitado varios grupos e sobre todo as directivas deses centros culturais, aos que hai que dotar de contido, de mobiliario e das infraestruturas necesarias, para o seu grupo sería unha incoherencia que por unha parte estiveran pedindo que se dotara de recursos a estes centros, e agora non votar a prol. Por iso, o seu voto vai ser a prol.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP, e o concelleiro do GM (PG).

A corporacion, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito número 4/2009 por importe de 44.218,57 euros, co seguinte detalle:

Partida orzamentaria		Importe
451.625	Mobiliario e equipamento centros socioculturais	36.691,18
451.212	Reparación de centros socioculturais	2.528,80
451.622	Investimentos edificios culturais	4.998,59
Total suplemento de crédito 4/2009		44.218,57

Sendo no caso de investimentos os seguintes proxectos afectados:

Partida orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
451.625	15.817,46	09-2-451002	Mellora local social parroquia BrexoLema
451.625	7.609,88	09-2-451001	Reforma centro socio cultural de Anceis
451.625	9.703,80	09-2-432008	Mobiliario Local social de San Lorenzo
451.625	1.722,60	08-2-451001	Mobiliario Local social O Graxal
451.625	1.837,44	09-4-451005	Mobiliario Local social A Barcala
451.212	2.528,80	09-4-451005	Pintura interior local de A Barcala
451.622	4.998,59	09-2-451004	Mellora iluminación sala exposicións Xacemento romano

A devandita modificación financiarase, con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2008	2.156.195,12
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2009	1.078.696,58
Disposto no expediente suplemento de crédito número 2/2009	340.262,36
Disposto no expediente suplemento de crédito número 3/2009 e crédito extraordinario 2/2009	255.062,95
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 2/2009	17.800,00
Disposto neste expediente de suplemento de crédito 4/2009	44.218,57
Remanente líquido de tesourería disponible despois deste expediente	420.154,66

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

5º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2010

Vista a circular procedente da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao n.º 13054 o día 28 de setembro de 2009, respecto da elaboración do plan de obras e servizos 2010.

Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 18 de novembro actual.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 19 de novembro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 24 de novembro de 2009.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Plan de obras e servizos da Deputación, como todos os anos, é interesante. Poden gustarlles máis ou menos as obras a realizar, pero en calquera caso é interesante, o que non lles gusta é que o ano pasado, o que hoxe é responsable deste departamento, reclamoulle ao Sr. alcalde que contase coa participación dos grupos da oposición, iso era cando estaban na oposición, hoxe que gobernan, fan o mesmo que o alcalde o ano pasado e non tiveron en conta a ningún grupo para consensuar as obras. En todo caso o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que se trata dunha petición longamente demandada polos diversos grupos deste concello, e polos propios veciños de Amil, que non fai moito tempo presentaron un escrito con aproximadamente 150 firmas, pedindo a reparación dos camiños, pedindo a sinalización. Cre que, efectivamente, se podía ter consultado cos grupos o investimento do POS, pero pensa que Amil ben merece este tipo de reparación, e por iso van votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el, mentres non lle consulten, ou mentres non o deixen participar na elaboración de calquera tipo de proxecto, non vai votar a prol de ningún deles. Di que se vai abster, como dixo na comisión, non vai votar a prol de nada no que non participe.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que pensa que o fondo que traen hoxe para aprobar é dunha importancia

grande para o futuro do concello e dos seus equipamentos. Di que lle gustaría aclarar, en primeiro lugar, o tema da participación e de contar cos grupos. El lembra que hai aproximadamente dous meses, nunha sesión, non lembra se dunha comisión informativa ou dun pleno, saíu precisamente este tema, el dixo que ía aceptar todas as propostas, e que estaban traballando precisamente na elaboración de plans para mellora dos camiños públicos do concello e que, naturalmente, íase contar con todos.

Ademais diso cre que se miraron ben os dous proxectos, tanto o principal como o complementario, pensa que cada unha das intervencións que está aí proposta, que se vai enviar mañá ou pasado á Deputación Provincial, inclúe proposicións que nalgún momento cada un dos grupos municipais que forman parte da corporación fixeron. Cre que todas recollen demandas de veciños de antes ou de máis antes, que nalgún momento se dirixiron ao concello demandando que as vías, que as pluviais, que o abastecemento de auga, ou que o saneamento había que melloralo e poñelo en condicións.

Di que cre que se todos se molestan en mirar un pouco cales son cada unha das intervencións que se propoñen, van ver que están recollidas cuestións que todos en conxunto propuxeron nalgún momento, ou que os propios veciños lles estiveron reclamando. Cre que a intervención que propoñen en Amil é unha reivindicación de moitísimos anos, que todos os grupos nalgún momento teñen proposto nesta corporación, e precisamente o momento é agora, despois de que co Plan FEIL se fixera unha renovación do saneamento e do abastecemento, e polo tanto queda para facer o tratamento de superficie, que é xa definitivo para moitos anos. Vai ser unha intervención importante, non tanto pola cantidade de diñeiro, senón porque vai deixar amañada unha zona importante do concello, que ademais vai levar consigo un plan de seguridade viaria e de reordenación do tránsito que cre que todos están convencidos de que é absolutamente necesario.

Di que dentro do plan hai unha serie de cuestións que el cre que son importantes e gustaríalle citalas porque, se cadra, non son moi importantes economicamente, non son autoestradas, nin viadutos, nin cousas polo estilo, pero que ampliar, entubando as pluviais no camiño que baixa dende Fontenla cara a Casilla de Carro, un sitio que todos saben é imposible que se crucen dous coches, e no que hai a miúdo saídas da estrada, pensa que é interesante e importante que o apoiem todos, e que o fagan. Tamén que se entuben as pluviais na subida cara á Pena da Nosa Señora, onde o comezo desa costa todos saben o perigoso que é, etc., etc. Di que hai un montón delas, como a propia baixada dende o cemiterio de Cambre cara a Norgasa, que el cre que todos teñen experiencia de cruzarse con algún coche, e coas dificultades que ten habido aí para solucionalo.

Continúa dicindo que, ademais, están as intervencións en beirarrúas, ampliación de beiravías, ..., unha serie de cuestións que xunto co outro plan que está agora en contratación e que asinou o Sr. alcalde coa Deputación, vai permitir que a rede viaria

municipal, a finais do ano que vén, estea nunha situación para aguantar moitísimos anos. Non será completo, faltarán cousas, pero dende logo vai quedar nunha situación moito mellor que a que existe agora.

Di que, nese sentido, contouse coa participación de todos, porque o que se fixo foi recoller, precisamente, as demandas expostas por grupos municipais e veciños ao longo dun período longo de tempo, e o que se fai é culminalas nestes proxectos que agora se traen. En todo caso, agradece o apoio manifestado.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2010 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no POS 2010, integrado pola seguinte obra e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN AMIL E OUTROS	386.594,60 €	35.624,93 €	422.219,53 €
Totais:	386.594,60 €	35.624,93 €	422.219,53 €

Segundo: Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2010 e que se relaciona no punto anterior.

Terceiro: Aprobar o Plan complementario do ano 2010 no que se inclúe a obra que a continuación se indica:

Denominación da obra	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CECEBRE E OUTROS	143.809,16 €

Cuarto: Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do ano 2010 os fondos necesarios para facer frente á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2010.

Sexto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6º Mocións

O Sr. alcalde manifesta que teñen unha moción do PP, que segundo informe de Secretaría, non debe ser tratada como unha moción, senón como un rogo, e en aras de que se faga todo o mellor posible, vai deixar que no apartado de rogos o PP non lea tres rogos, senón catro, e poida dar lectura ao tema que tratan como moción.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o PP está disposto a renunciar a ler os rogos, e pola contra non renuncia a ler a moción.

O Sr. alcalde contesta que, entón, vense obrigados a ler o informe que fixo a secretaria.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que ten unha páxina do Partido Socialista valenciano, onde di que a xustiza avalia a contratación da auditoría municipal desestimando o recurso presentado polo PP nese caso. Teñen unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid onde se recolle que a lei non di que non se poidan facer as auditorías. Polo tanto, o PP, sobre todo en Cambre, cos antecedentes habidos, considera que é necesario contratar unha auditoría e, polo tanto, consideran que é necesario debater a moción.

O Sr. alcalde pídelo á Sra. secretaria que lles diga o ditame no que se basea para este tema. Di que el loxicamente o que quere é que haxa toda a claridade debida, que se clarifique e, dende logo, que se trate dentro do regulamento que establece este tema. Se é un tema do pleno, se é un rogo, ou un tema da Alcaldía, el está disposto a que se trate, iso en base aos informes de Secretaría e Intervención.

A secretaria municipal expón que o informe de Secretaría foi emitido con data do día de hoxe, dado que a providencia é de data 24 de novembro, despois de que se rexistrara de entrada a moción. O informe fai referencia ás dúas mocións que se presentan ao pleno, tanto á moción do PP como á moción presentada polo grupo de EU-IU.

En canto á moción concreta do PP, o contido da moción son dous cousas distintas. Por un lado, na primeira parte do informe éntrese no que é a proposta de acordos a adoptar que se propoñen na moción, hai unha parte dispositiva e hai uns acordos a adoptar. No

informe do día de hoxe, ratifícase en todo o informe emitido con data 20 deste mes pola interventora e secretaria municipais e, en concreto, coas conclusións xurídicas contidas no dito informe, nas que, por un lado, dise que descoñecendo a priori o importe e a duración do contrato, correspondería ao alcalde a aprobación do inicio do expediente de contratación do servizo. Esa facultade para iniciar o expediente de contratación non lle corresponde ao pleno, senón que é unha facultade do Sr. alcalde, nin o pleno pode adoptar acordos en materias que sexan competencia do Sr. alcalde, nin o Sr. alcalde pode ditar resolucións en asuntos que sexan competencia do pleno.

En segundo lugar, dise que no caso de iniciarse un expediente de contratación, nunca por acordo do pleno da corporación, senón por resolución do Sr. alcalde, nese caso esíxese que o órgano de contratación motive a necesidade do contrato. En canto a esa necesidade do contrato, no informe de 20 de novembro, no cal se segue ratificando, concluíase coa imposibilidade de efectuar unha auditoría externa das contas municipais, tanto interna como externa. A interna era da Intervención municipal, e a externa do Tribunal de Contas. En último caso, de producirse a contratación dun servizo de contabilidade, o servizo debería realizarse como apoio á Intervención municipal, aos labores que se realizan pola interventora municipal e, neste caso, facíase constar tamén no dito informe que, dende fai tempo, pola Intervención municipal vense demandando un aumento do persoal funcionario do departamento, polo que neste caso estaría xustificada a necesidade desa contratación. Agora ben, se non se xustificaba a necesidade desa contratación como apoio e colaboración coa Intervención municipal, o que se entendía, tanto pola Intervención como pola Secretaría municipais no informe do 20 de novembro, era que se trataba dunha petición de control e fiscalización aos órganos de goberno, unha competencia que é indelegable, que é do pleno, e que hai uns mecanismos expresos para levar a cabo ese control e esa fiscalización.

Quedaba no aire do informe do 20 de novembro, se o obxecto da contratación da auditoría era unha contratación do servizo para colaborar nas funcións da Intervención, ou se do que se trataba era precisamente dese control e fiscalización.

A Sra. secretaria continúa dicindo que ata aquí estivo ratificando o informe que asinaron a interventora e ela, e a partir deste momento trataríase do seu informe. Di que nel fai constar que, a xuízo da funcionaria informante, da natureza da moción que se presentou no mes de outubro do ano pasado derívase que se trata dunha función de control e fiscalización, e iso ven corroborado pola que se presenta na actualidade, de tal maneira, que na parte dispositiva da moción que se presenta agora fálase de que o informe da auditoría terá carácter informativo, non terá efecto xurídico ningún, darase informe, lóxicamente, da auditoría ao pleno, o informe da auditoría, en consecuencia, só se poderá incorporar aos expedientes incoados a consecuencia da convocatoria na sesión do pleno da corporación, informarase á comisión, Neste sentido di que considera, sen prexuízo doutros criterios válidos, que o obxecto da auditoría sería, máis ben, coadyuvar

ás funcións de fiscalización da corporación municipal, que forman todos os concelleiros.

Neste sentido fai referencia a unha serie de artigos onde está recollido, tanto na Constitución Española, como na Lei de bases de réxime local, no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no propio Regulamento orgánico, o dereito de información que teñen todos os concelleiros que compoñen a corporación, e, precisamente para o exercicio da función de fiscalización e control dos órganos de goberno municipais. Ademais, modificouse a Lei de bases de réxime local, no ano 1999, e precisamente esa modificación trouxo consigo un maior exercicio de facultades por parte dos concelleiros para poder obter ese tipo de información e efectuar ese tipo de control. Faise constar que se establece un mínimo dun pleno cada mes nos concellos dos municipios de máis de 20000 habitantes, prevese que nos plenos ordinarios haxa sempre, dentro da parte de control ao goberno, rogos, preguntas, e mocións. As comisións informativas anteriormente o único que facían era ditaminar, ou mellor dito o único non, era o que tiñan que facer e seguen facendo agora, ditaminar os asuntos que veñen ao pleno, a través da citada modificación, ás comisións informativas tamén se lles dotou dun poder de control e fiscalización do alcalde, da xunta de goberno e dos concelleiros que ostentan delegación, de feito nas ordes do día das comisións informativas inclúense os puntos de rogos e preguntas. Di que esas son as funcións de control e fiscalización .

Continúa dicindo que no Regulamento orgánico municipal, que non transcribe neste informe porque xa viña no informe anterior do 20 de novembro, recóllense as funcións de control e fiscalización mediante a solicitude de comparecencias dos concelleiros delegados, etc.

Di que conclúe no informe, que se o concello ten esas competencias de control e fiscalización, e ten eses medios e mecanismos para exercelas, considera que fai máis difícil xustificar a necesidade da contratación da auditoría. Xa dixo que para contratar se necesita que se xustifique a necesidade do contrato.

Por outra parte, entrando a tratar outro tema, o concepto de moción, di que nunca se lle ten pedido a palabra nese sentido e tampouco ten dito nin manifestado nada para o efecto, porque nas mocións que se teñen tratado aquí no pleno, tanto nesta lexislatura como en todas as anteriores, nunca se teñen adoptado acordos polo pleno que foran competencia doutros órganos, sexa do Sr. alcalde ou sexa da xunta de goberno local, polo tanto, ao non adoptar o pleno acordos sobre asuntos que non son da súa competencia, levar a cabo a presentación ou formular un rogo cun formato de moción, cunha exposición de motivos, e cunha proposta de acordos a adoptar, non é ningunha ilegalidade.

Di que é unha práctica habitual, e así o fai constar no seu informe, non só no Concello de Cambre, senón na maior parte dos concellos, onde no punto de mocións o mesmo se trata unha moción que ten un carácter resolutivo, porque resolve asuntos que son da competencia da corporación, como mocións de carácter non resolutivo. Precisamente neste pleno teñen despois unha moción que dá a casualidade que é de carácter resolutivo, porque a competencia si que é do pleno da corporación. Di que ela nunca tomou a palabra, e tería a obriga de cando nun debate se promove algún asunto no que poida dudar da súa legalidade, de pedirlla ao Sr. presidente, e nunca o fixo pola sinxela razón de que as mocións que se teñen tratado no pleno sempre teñen sido mocións, que eran meros rogos, co cal se teñen aceptado ou se teñen rexeitado, que é o mesmo que ocorre cando se trata un rogo. Cando se trata un rogo, fórmulase o rogo polo voceiro correspondente, e a partir de ahí hai un debate, o único que ocorre é que no rogo non se vota, pero o rogo acéptase ou rexeitase, o mesmo que ocorre cunha moción onde si que hai unha votación, e iso si é o que ten importancia, a importancia de que neste caso estase tratando un asunto que é da competencia do Sr. alcalde, o pleno está obrigando ao Sr. alcalde a adoptar unha decisión que non tería por que adoptar, e iso é o que non se pode facer.

En canto á forma, neste caso ela dixo na primeira parte do informe que, se se aproba a moción, como moción coa proposta que vén ao pleno, o pleno estaría adoptando un acordo sobre unha materia que é competencia do Sr. alcalde. Trátase de iniciar un expediente de contratación para contratar a auditoría externa do concello, e é o mesmo que o pleno da corporación solicitara ao Sr. alcalde que iniciara o expediente de contratación doutra cousa. Son competencias do Sr. alcalde, e mentres non as delegue no pleno, é o Sr. alcalde quen ten a potestade.

Por todo isto, di que ela propón, sen prexuízo de que como xa dixo a maior parte das veces os rogos se tramitan como mocións, que neste caso se formule o rogo, é dicir, que se lea como se fai con todos os rogos, que se debata como se fai en todos os rogos, pero despois, o rogo o que supón é unha aceptación ou un rexeitamento por parte de a quen vai dirixido, pero non pode ser obxecto de votación, simplemente porque estarían entrando a tratar un asunto que é da competencia do Sr. alcalde, nada máis. Ou sexa, a única formalidade é esa, que non se votaría, pero si que se leería, si que se debatiría e, despois, habería unha aceptación ou un rexeitamento, nada máis. Esa é a diferenza entre o que é un rogo e unha moción para este caso no que si ten importancia. Se fora outro rogo calquera, unha petición que se fixera e non se inmiscuía nas competencias do alcalde, ou da xunta de goberno local, pois non habería problema ningún en que o tratasen como viñeron facendo na maior parte dos casos, pois a maior parte das mocións que se teñen presentado aquí son rogos. Examinadas as mocións que se teñen presentado na lexislatura, que se foi unha por unha, só foron mocións de carácter resolutivo adoptadas polo pleno aquelas nas que se trataban aprobacións de proxectos que se teñen remitido á Deputación ou a outros organismos, onde esixen acordo

plenario, e iso si que é unha moción resolutivo, e que é de competencia da corporación, o mesmo que a moción que vén a posteriori, que é do grupo de EU-IU.

Conclúe dicindo que, neste caso, a formalidade que debería seguirse, ao seu criterio, aínda que o alcalde pode adoptar o que estime oportuno xa que é quen dirixe a sesión, é que se tramite como un rogo, única e exclusivamente porque non se trata de adoptar un acordo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, Jerez de los Caballeros, Móstoles, Almería, Cazolla de la Sierra, Roda de Barà, Altea, Castro Urdiales, Ceutí, Zaragoza, Icod de los Vinos, Valle Gran Rey, Yaiza e Xàbia, son concellos onde se realizaron auditorías, están en España, Cambre está en España, e non entende por que se poden facer nuns sitios e noutros non.

A Sra. secretaria manifesta que no informe que teñen sobre a mesa non entra a determinar se o Sr. alcalde quere ou non quere contratar a auditoría, o que di é que isto é un rogo, como tal debe tratarse, e logo o Sr. alcalde que faga o que estime oportuno.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, como dixo antes, unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid di que non se pode extraer a consecuencia de que está prohibido ás administracións públicas evadirse do fiable medio de información económica que representa a auditoría de contas efectuada por técnicos externos, independentes e responsables, e na forma e cos requisitos regulados na lei.

Di que a auditoría se pode facer e que el, evidentemente, non vai debater coa Sra. secretaria nin discutir os seus informes, para nada, non é esa a súa intención, xa lle chega co Sr. alcalde, pero que dixo que non ve a necesidade do contrato, e o PP cre que si, e di que vai ler só unha parte da moción, unha parte que consta en acta: “Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que durante os anos 2005, 2006 e 2007 os concelleiros do BNG adxudicaron ou propuxeron adxudicacións con reparos da Intervención municipal por importe de máis ou menos 700.000 € En canto aos contratos adxudicados ou propostos polo BNG entre 2005 e 2007, mencionados anteriormente, non se refire a actuacións legais, senón con presunta infracción da legalidade, con reparos de Intervención.” . Di que isto consta en acta, e non foi el quen o dixo. Pensa que é motivo suficiente para auditar as contas. Cre que co que está pasando en Cambre ultimamente, co que pasou nestes últimos meses, que non é necesario citalo, fai pensar que é necesario que se faga unha auditoría.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que respecto do informe ao que se refería a Sra. secretaria, tiveron coñecemento fai aproximadamente unha hora, coñecemento en canto a lelo, pero moi pouco tempo para facer unha valoración dun informe que ten un contido en lexislación, en xurisprudencia,

difícil de valorar, polo menos en este pouco tempo para o seu grupo, pero que en diversas ocasións teñen falado con ela destes temas, pero nunca determinaron nada. Por suposto o que eles queren é respectar as normas e actuar conforme ás leis vixentes. A partir de agora, evidentemente, vaise producir e experimentar un cambio substancial en canto á presentación de iniciativas. Pensa que así dun plumazo, así nun pleno, non se debe resolver este tema, senón que se debería de convocar unha xuntanza onde manter e intercambiar posicións respecto destes temas, para clarificar cales son os conceptos de cales van ser os rogos e cales van ser as preguntas, porque cre que este é un cambio moi radical na vida política do Concello de Cambre, por iso pensa que deberían sentarse e falar detidamente deste tema.

En canto á moción do PP, di que para o seu grupo a transparencia municipal, e o respecto á legalidade vixente, é un pilar fundamental que debe existir en toda administración pública. Neste caso, e segundo informou a secretaria, o que está claro para eles é que a determinación respecto á moción, sexa rogo, sexa moción, ou sexa o que queiran chamarlle, a determinación tena o Sr. alcalde, e que pensa que se nada ten que temer, tampouco debe ter nada que ocultar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que el cre que se de verdade a Sra. interventora e máis a Sra. secretaria foran independentes no Concello de Cambre, el podería fiarse do informe que fan, pero di que sabe que non son independentes, desgrazadamente non son independentes, e nalgunhas ocasións el ten entrado nalgún despacho e estar chorando algún funcionario ou funcionaria polas presións que recibía dalgún dos membros do grupo de goberno, polo tanto, da independencia habería moito que falar. El cre que o que se está pedindo non é ningunha cousa estraña, é dicir, é algo que en función de todo o que se vén vendo nos últimos anos, cre que é moi necesario. En canto a eses temas, e a esas presións, son reais por parte de membros do goberno, porque el viu funcionarios chorando no seu despacho polas presións que exercían por culpa de ter que, ao mellor, comulgar con rodas de muíño. Di que iso é así de triste.

Por outro lado, di que, efectivamente, hai un informe asinado pola Sra. interventora e pola Sra. secretaria. Hai outros informes, non hai moito tempo, informes sobre algunha contratación feita polo concello, onde os informes dalgunha destas persoas, e como unha das empresas afectadas nesa contratación denunciou á Fiscalía, foron postos en entredito, algún informe deses.

Polo tanto, que non se queira por parte duns nin doutros, facilitar a información a través dunha auditoría externa, cre que é significativo do que está pasando en Cambre, e clarificador ademais. Despois nos informes dise que os grupos da oposición, todos os concelleiros, teñen dereito a solicitar a información que precisen, por escrito, e que se lles facilitará sen ningún tipo de problema, porque teñen dereito a vela, loxicamente, el pregunta á Sra. secretaria se lle pode responder canto tempo como máximo se pode

tardar dende que se fai unha solicitude de información no Rexistro, canto tempo hai para que se lle facilite esa información a quen a pide.

A Sra. secretaria contesta que 5 días.

O Sr. Marante di que fai pouco pediu el unha información, o 5 de maio e tardaron 4 meses, e porque a reclamou despois aquí, nun pleno. Tamén fai máis de 5 días pediu unha información sobre o Sr. alcalde e ninguén lle dixo que a podía ver. Agora pediu a súa, onte, e esa supón que lla darán ao día seguinte, non hai problema.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, por suposto, non está no seu ánimo cuestionar os informes técnico-xurídicos que teñen realizado a Sra. secretaria e a Sra. interventora, evidentemente tampouco vai cuestionar a independencia da súa actuación, que para el está fóra de toda dúbida, e ademais é unha obriga legalmente establecida, e non cre que ningún funcionario de habilitación nacional crebe esa independencia de xuízo e de criterio. Por suposto, respecta a profesionalidade dos funcionarios deste concello.

Continúa dicindo que, agora ben, o que propón o PP non só ten unha trascendencia xurídico-administrativa, ten unha trascendencia política á marxe dos cuestionamentos legais ou técnico-xurídicos que planean sobre o fondo. Di que hai unha sombra de dúbida que, queiran ou non, lles guste ou non, está no mercado social, por dicilo dalgunha forma. Di que non ten máis obriga política que a de aceptar o fondo da proposta que fai o PP, e cre que se no aire está latente algunha dúbida sobre a honorabilidade da xestión económica que se fai neste concello, á marxe das valoracións xurídicas, hai unha valoración política, que deben aceptar todos como concelleiros, e el, dende logo, tamén a acepta e a asume. Di que o que pediría ao Sr. alcalde, á marxe de quen sexa a competencia, de se é moción, de se é rogo, ou de se non o é, pediría ao Sr. alcalde, e pide aos seus compañeiros de grupo e da oposición, que se unan á súa proposta, se así o estiman, de instar ao Sr. alcalde a contratar esa auditoría, á marxe xa das valoracións xurídicas que teña, porque non pode ter ningunha, pero terá unha valoración ética, moral e política, trascendente para todos eles. Di que pide ao Sr. alcalde que acepte esa proposta, que todo o mundo sabe que iso vai custar, que haberá que pagalo con fondos públicos, evidentemente, e repite que a cuestión da validez xurídica que teña, non cre que sexa importante neste momento, o importante é a valoración política e ética que xurda dela, e pide que se analicen esas contas coa profundidade necesaria e suficiente para que quede clara a honorabilidade de todos os compoñentes deste e de anteriores gobernos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que antes fixo mención a unhas facturas con supostas irregularidades por importe de 700.000 euros. Están falando dunha moción que eles leron fai 13 meses, acaban de dicir que o prazo para contestar son 5 días, di que pasaron 13 meses e eles seguen esperando por esas

facturas. Solicítárono por Rexistro, díselles que 5 días, son 13 meses. Tamén se dixo que teñen as comisións informativas para fiscalizar o labor do goberno, e a el iso dálle a risa, porque el abandonou algunha comisión porque o equipo de goberno viña sen ningún tipo de resposta, reiteradamente, preguntas que fixeron en dúas ou tres comisións informativas, está falando de 2 ou 3 meses, continuamente, e non houbo resposta, polo tanto, que non se lles diga que teñen as comisións informativas.

Continúa dicindo que a anterior moción, de fai 13 meses, dicía nun dos puntos que se modificou aquí no pleno, que se contrataría antes do 31/12/2008, logo dos informes de Intervención e Secretaría, están falando de que se contrataría antes do 31 de decembro, están hoxe en novembro de 2009. Eses informes previos se lles deron esta semana, di que iso non é rigoroso, se a moción dicía que os informes terían que estar, para que se puidera contratar, antes do 31 de decembro, non é de rigor que se lles dean os informes casualmente agora.

Di que se acaba de falar do custo, e el sabía que ía saír o tema do custo, e ten que dicir que o Sr. alcalde encargou un proxecto para a Casa da Cultura, que custou 120.000 euros, nun terreo onde non se pode edificar. Ten que dicir que o Sr. alcalde perdeu moitas subvencións, como o PP vén dicindo reiteradamente nos últimos tempos, polo tanto, di que non se lles fale de custos só cando convén, hai que manexar ben os cartos públicos e isto, dende logo, é moi necesario.

Por último, di que lle quere pedir a Carmen Tato que se manifeste hoxe igual que fixo en prensa. Di que igual que fixo agora o Sr. Varela Tejedor, Carmen Tato en prensa fixo unhas manifestacións nas que dicía que por que non á auditoría. El pídelles que se manifeste hoxe aquí.

O Sr. alcalde manifesta que, en primeiro lugar, quere dicirlle ao compañeiro Marante que cre que son desafortunadas as declaracións de non independencia dos funcionarios municipais, cre que é unha acusación bastante grave, nunca ningún membro da corporación, nin agora nin cando estaba o Sr. Marante, presionou a ningún funcionario, nunca. Se a algún se presionou, e bo dicilo, pero non se pode, neste caso, xulgar ou deixar en entredito a profesionalidade de dúas persoas, como a interventora e a secretaria. Poderán estar ou non de acordo co seu informe, pero, dende logo, poñer en dúbida a súa profesionalidade cre que deixa nun mal lugar aos compañeiros de corporación. Di que el avalia, respalda e apoia os informes que se fixeron dende Secretaría e Intervención. Os avalia e apoia porque cre neles, e pode haber outro tipo de sentenzas ou aclaracións, pero dixo e mantén que este é un tema, non do pleno, é facultade do alcalde, por iso dixo o de pasalo a un rogo, pero que el non quere que isto non se trate. Acaba de dicir o compañeiro Javier Varela, que se estude e que se faga unha auditoría, e el di que claro que a van facer, pero que a ten que facer o responsable a quen lle corresponde, que é o Sr. alcalde, ese é o tema. Por iso, pídelles ao Sr. Marante que esas frases, por honor, á secretaria e á interventora, parécenlle fóra de lugar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que cando el di que viu persoas chorando por presións do grupo de goberno, non minte. El non sabe se fixeron o que o goberno lles mandaba, o que si é que as viu chorando polas presións que exercían nelas, e entre elas, á Sra. secretaria, fai uns anos. Di que el non discute que a honorabilidade delas estea por riba de todo, non o discute, pero as presións que lles meten, iso si que o discute. Non hai que confundir as cousas, non queiran dicir que son, son, son, porque diso xa falarán despois nunha pregunta ou nun rogo que ten por aí. Xa falarán despois doutros informes, pero el segue dicindo que o grupo de goberno presiona aos funcionarios, outra cuestión é que lles fagan caso ou non, pero que ocasionan choros, si, e ten exemplos e non quere falar deles.

O Sr. alcalde di que aquí están a secretaria e a interventora, e el, dende logo, cre que nunca, nunca, ningún membro da corporación fixo eses actos. De todas formas, eles como técnicos e profesionais o dirán, pero a responsabilidade do equipo de goberno, o seu respecto e o seu facer diario cos técnicos, lévaos a pensar que todo o que fan os técnicos é dentro dunha correcta disciplina, dentro dunha correcta integridade, e dentro dunha gran profesionalidade, iso é o que el quere dicir.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, un pouco tendo en conta o que dixeron o Sr. Javier Varela e o Sr. Nicolás Cubeiro, neste caso do Partido Socialista e do Partido Popular, respecto do tratamento da moción, o grupo de EU-IU, igual que no pleno anterior onde presentou a moción o PP, e en coherencia co que xa manifestaron nese pleno, non se vai opoñer para nada cos seus votos a nada que teña como resultado unha maior clarificación nas contas do concello, e, nese sentido, seguirán traballando.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que tal e como están derivando as cousas, resulta un pouco complicado facerse unha composición do lugar no que vai acabar isto. Para el, inicialmente, hai unha cuestión que si lle gustaría resaltar, e cre que moita xente estará de acordo, para el algunhas acusacións que acaba de oír agora parécenlle gravísimas.

O Sr. alcalde solicita orde na sala.

O Sr. Iglesias Oviedo continúa dicindo que lle parecen gravísimas porque, se reflectiran a realidade, o que se está dicindo é que se estivo cometendo un delito, pero que é máis grave aínda, porque fainas un responsable público que se coñeceu, se viu el persoalmente que se estaba cometendo un delito, non presentou unha denuncia onde tiña que presentala. Di que lle parece gravísimo e que, de verdade, isto hai que entendela dentro do fragor da batalla dialéctica na que están metidos ultimamente, e que pensándoo ben, incluso a persoa que as dixo o mellor é que, ou que vaia ao xulgado, ou que as retire. E sinala que di isto con esta vehemencia porque é unha cuestión coa que

está absolutamente seguro que non ten nada que ver, que non lle afecta a el, que lle afecta a outras persoas, pero realmente el cre que esas palabras, ditas así, sen acompañalas das probas ou da denuncia correspondente, realmente son gravísimas e ningún funcionario, nin ningún cargo público se merecen estar en entredito se iso non é demostrado e non se pode verificar.

En calquera caso, indo ao centro do asunto, di que isto é un debate recorrente de hai un ano. Di que hai un ano tróuxose ao pleno e someteuse a votación unha moción, a pesar de que xa naquel momento, pola maneira de presentala uns minutos antes de comezar o pleno, era imposible facerse unha composición de lugar en canto ao apoio xurídico ou non que podía ter esa moción. En todo caso, o BNG alí, e ademais como consta nas actas, é unha maravilla que quede todo gravado, o cal está ben para que quede para o futuro, o seu grupo dixo que non se ía opoñer, en absoluto, a que se fixera iso. O seu voto foi precisamente abstención, para non impedir con ese voto que, dalgunha maneira, esa proposta de auditoría non saíra adiante. Teñen a conciencia absolutamente tranquila en canto ao traballo realizado, e por unha razón fundamental, porque no momento que eles tiveron responsabilidades de goberno, que foi entre os anos 2003 e 2007, as contas municipais do Concello de Cambre, están auditadas internamente pola Intervención municipal, que agora para algúns xa non son independentes e traballan ao ditado, alá eles na súa maneira de pensar e na súa maneira de dicilo, pero é que, ademais, están trasladadas xa ao Tribunal de Contas, porque é a Conta Xeral que está xa aprobada, e que todos os grupos municipais e todos os concelleiros desta corporación tiveron na súa man, uns expedientes moi grandes nos que figuran todos e cada un dos datos que a Intervención municipal fai constar sobre os expedientes. Son as contas xerais que están aprobadas dende o 2003 ao 2007, e enviadas ao Tribunal de Contas. Polo tanto, auditadas internamente, fiscalizadas politicamente por todos e cada un dos concelleiros da corporación, e, ademais, enviadas ao Tribunal de Contas, aínda que, se cadra, ao mellor o Tribunal de Contas tampouco é independente, tamén actúa ao ditado e fai o que quere.

En todo caso el está de acordo no que dixo o seu compañeiro de corporación, o Sr. Javier Varela, e cre que este non é un problema xurídico, nin un problema de control e fiscalización técnica, evidentemente é unha cuestión política, que é que determinadas persoas, ou determinados grupos viron que a mina de facer política, para buscar aquí pedras preciosas, non está en facer propostas

O Sr. alcalde pide orde na sala.

O Sr. Iglesias Oviedo dille ao Sr. alcalde que comprende que as súas palabras non lle gusten a todo o mundo, ou mesmo que non lle gusten á maioría, pero o que el esixe da presidencia desta sesión é que se lle permita falar con normalidade, ou senón, que se lle quite do uso da palabra.

Continúa dicindo que o problema é que se atopou unha mina para facer un tipo de política que é a que se pensan que dá réditos, e que dá resultados electorais, e que é posible que os dea, francamente é posible que os dea. Nalgúns sitios seguramente funcionou e pode que aquí en Cambre tamén. Trátase de levantar infundios, difamar, traballar sobre suposicións, pero que non se demostran.... Di que nos propios textos que se presentan para debate, que é unha pena que non o lean porque poderían facer unha análise de texto completa, dise que, ante a falta de transparencia o PP non pode valorar se é correcta ou incorrecta a xestión económica do concello. Entón pregunta por que di todas esas cousas dos antecedentes, das irregularidades, se non o pode valorar. Di que iso todos saben que é unha auténtica falacia, o PP, igual que o BNG, ou EU-IU, ou o Partido Socialista, teñen acceso libre aos expedientes municipais de toda a vida. Di que eles están presentes nesta corporación dende o ano 95, ten que dicir que o primeiro concelleiro que tivo o seu grupo foi o compañeiro Antón, el só nesta corporación, e entraba como Perico pola súa casa, en calquera dependencia, abría calquera carpeta de expedientes, miraba toda a documentación, conseguía copias dela, dende aquela e ata hoxe, e nunca houbo ningún tipo de restricións, nunca houbo nin a máis mínima restrición. Di que eles, estando na oposición, a maior parte do seu período nesta corporación, nunca tiveron o máis mínimo problema para poder ver documentación de ningún expediente, agás os expedientes que están clasificados, que son de tipo persoal, que están en Réxime Interior e que afectan a datos que non poden ser coñecidos por todo o mundo e que a lei protexe, evidentemente, pero de xestión económica, de xestión de contratación, de xestión de obras, deportiva, cultural, urbanística, a todos, todos, puideron ter acceso.

Continúa dicindo que a cuestión é que, levantando infundios, levantando sospeitas, dicindo cousas que non se demostran e que non se sosteñen, o que se pretende é aplicar ese ventilador que está tan de moda ultimamente na política española de que aquí todos somos iguais, e di que todos non son iguais. Di que hoxe mesmo viron na prensa que o alcalde de Boadilla del Monte, Partido Popular, ingresou en prisión cunha fianza dun millón e medio de euros; o caso Gürtel; ou que acaba de decretarse o ingreso en prisión incondicional do alcalde de Polop por estar implicado no entramado...

O Sr. alcalde avisa a unha das persoas que forma parte do público asistente á sesión de que de non manter a orde verase obrigado a decretar a súa expulsión. Avisa que ou teñen todos respecto e educación, ou senón deberá tomar medidas, di que isto non é unha taberna.

O Sr. Iglesias Oviedo continúa dicindo que, en todo caso, hai quen si sabe, hai grupos políticos que si saben, de membros seus que si cometen delitos, están na cárcere, e están encausados nos tribunais de xustiza por estas cousas.

Para rematar quere preguntar por que se pretende ocultar cunha proposta deste tipo a obriga que teñen como concelleiros, e que teñen todos, de traballar e cumprir coas súas

funcións; se están no goberno de xestionar, de levar ben os asuntos; pero se están na oposición, de fiscalizar, porque un grupo da oposición, con sete membros, coa cantidade de recursos económicos que recibe do concello, ben pode perder un par de horiñas á semana para ir mirar expedientes, para ir mirar facturas, para contabilizalas e para facer sobre elas todas as denuncias que queiran, non necesitan que veña ningunha empresa externa, teñen os expedientes á súa disposición. Iso é o que hai que facer, o que hai que facer é traballar. En todo caso, en calquera que sexa a posición do BNG nesta corporación, xa sexa na oposición, ou estando no goberno onde están agora, van apoiar as decisións que o Sr. alcalde tome para auditar, da maneira que sexa, as contas municipais. Van apoialo nesa función.

O Sr. alcalde manifesta que como cre que quedou claro que esta é unha moción que non se vai a tratar porque é un rogo, e que é facultade do alcalde aceptalo ou non, el vaise quedar coas palabras que dixo o compañeiro Javier Varela e pensa que todos están no ánimo de facelo, polo que no apartado de rogos, aprobarán este tema, e van pasar á lectura da segunda moción.

Don Manuel Marante Gómez di que, por alusións, quereda contestar, por lóxica, moi breve e moi curto. Di que: Quen te viu e quen te ve!. Hai dous anos, hai un ano e hai agora, como cambia a papeleta. Antes pedíanse dimisións dun, doutro, e agora está todo ben. Dille ao BNG que se aleda de que funcione ben dende a súa entrada no goberno. Parécelle perfecto, extraordinario, pero aquí están a dicir que el ataca aos funcionarios, e el non ataca a funcionario ningún, el non está dicindo que fixeran ningunha ilegalidade, está dicindo que presións si que reciben, e non está mentindo. Presións si que reciben, que despois boten a chorar porque teñen que facer o que teñen que facer, pero cumprindo co seu deber, el iso non o discutiu nunca. Di que el non está desconfiando deles, non se fía o 100%. Dille ao Sr. Iglesias que non se fía ao 100% e vaille poñer outro exemplo, pequeno, curto.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Marante que hai que terminar.

Don Manuel Marante Gómez di que é un exemplo pequeno, e que se non o escoita agora, vaine escoitar despois, e que tanto lle dá.

O Sr. alcalde di que escoitar, si, que escoita todos os días, e non porque o queira o Sr. Marante.

Don Manuel Marante Gómez di que vale, pero que está a rescisión do contrato do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre.

O Sr. alcalde di que non ten nada que ver con isto, que o falarán despois.

O Sr. Marante di que é un informe feito por técnicos municipais, pero que despois falarán diso.

O Sr. alcalde di que, exactamente, que xa o falarán en rogos e preguntas, e que el dá xa por resolto este tema. Di que non sabe se os servizos xurídicos teñen algo que dicir, el segue pensando que é unha falta de ética importante dubidar da independencia dos profesionais, eles teñen nas súas mans o criterio que queiran decidir. A continuación dálle a palabra á Sra. secretaria.

A secretaria municipal manifesta que o único que quere dicir aquí é unha cousa, que fala por si mesma, e que pode que a Sra. interventora queira engadir algo máis. Ela non vai entrar en discusións de tipo político, porque ela é funcionaria, e como tal, pretende facer o traballo, ou o intenta, porque unha cousa é intentalo e outro conseguilo ao 100%, o mellor que pode, porque parécelle que ninguén é perfecto. Di que as súas funcións son as de fé pública e asesoramento legal preceptivo, e iso é o que leva facendo dende que aprobou a oposición. A interventora supón que está no mesmo caso que ela, e cando fan os informes de tipo técnico se atopan, poderían dicir, un pouco soas, aínda que non llo crean, porque nunca os informes van ir a gusto de todo o mundo. Cando fan os informes, os fan como mellor saben, co coñecemento que teñen, e coa posibilidade de equivocarse, como cre que lle pasa á maior parte da xente, porque non cre que sexan elas precisamente a excepción.

Di que polo que a ela respecta, e cre que pola interventora tamén, cando fan os informes, os fan como consideran que é en Dereito, que haxa despois outras interpretacións, efectivamente, todos saben como un mesmo asunto, visto por tres avogados, ten tres solucións distintas, que casualidade, e só cando chegan ao xulgado é cando se resolve.

Di que elas o que están facendo é facer os seus informes. Están nunha posición na que saben que, habitualmente, os ditos informes non van ser do agrado de todo o mundo, pero pensa que elas tampouco teñen que buscar o agrado de todo o mundo, o que teñen que facer é facer o informe como cren necesario, porque dentro de dous anos ou tres, podería presentarse o mesmo suposto e terán que facer o informe no mesmo sentido, sendo igual que estea sentado aquí o Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra, ou estea sentado aquí como alcalde outra persoa.

Di que son funcionarias da corporación, e nada máis, non teñen ningunha rendibilidade política que obter cos informes, e polo tanto, se se equivocan, efectivamente, tamén poden pedir informes a outros técnicos, que non pasa nada. Conclúe dicindo que ela só quería deixar constancia diso, que se atopan nunha situación moi solitaria.

Concedida a palabra á interventora municipal, manifesta que lle pareceu unha falta total de respecto que se dubide da súa independencia, que estea o seu traballo e a súa

dedicación a este concello sendo utilizado como está sendo utilizado ultimamente, e en boca dos veciños, iso si que non o aguanta. As contas municipais que tantas irregularidades teñen son a súa primeira dedicación neste concello. Coa Conta Xeral van moitos informes de reparo, se ela non fixese o seu traballo, eses informes de reparo non existirían. En todos estes anos nin un só membro da corporación se ten dirixido a ela nin ao seu departamento para consultar un só deses informes, nin para preguntar de calquera tipo de expediente, ou de calquera outro tipo de informe desfavorable, nin un, pero agora é moi necesaria unha auditoría externa e hai graves irregularidades nas contas deste concello das que ela é responsable. Di que é habilitada nacional, que non depende para nada deste concello, organicamente e economicamente, pero a súa independencia e a súa profesionalidade está por encima de todo.

Continúa dicindo que leva só 12 anos no exercicio da súa profesión, pero que sempre o ten feito coa maior dedicación, e co seu mellor saber facer. Di que se ten equivocado, e que se equivocará, pero non vai consentir que ninguén dubide da súa independencia, e do seu bo facer, ou mal facer, ou que a súa profesión ou o seu quefacer diario estea en boca de ninguén. Cre que se teñen metido en medio dunha guerra política na que non quere entrar.

O Sr. Marante manifesta que quere contestar a isto.

O Sr. alcalde di que o tema está pechado.

O Sr. Marante di que pechado non, que se deixa falar aos demais, que lle deixe falar, que a xente ten dereito a falar.

O Sr. alcalde dille ao concelleiro do GM (PG) que xa dixo o que dixo, e punto.

O Sr. Marante di que ten que contestar ao que lle está dicindo esa señora. Dille ao Sr. alcalde que non pode coller e cerrarlle a billa.

O Sr. alcalde pecha o micrófono do concelleiro do GM (PG) e dille que non fale, que xa está fóra do uso da palabra, que xa dixo o que dixo e que, por favor, cale xa porque lle retira o uso da palabra. Di que a Sra. defende a súa honorabilidade.

Co micrófono pechado o concelleiro do GM (PG) continúa coas súas manifestacións e o Sr. alcalde reiterando que o tema xa está falado.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que a moción era do PP e os que menos falaron foron eles. Di que o PP de Cambre ía facilitar a aprobación dos orzamentos con base a sete puntos, un deles era que o goberno local se comprometía a xustificar o gasto público nunha comisión especial composta por representantes de todos os partidos políticos de Cambre, e outro punto era que o

gobierno local encargaría a todos os xefes de cada unha das áreas administrativas a confección dun informe mensual sobre a xestión municipal e, en particular, sobre as iniciativas e actividades realizadas e as subvencións tramitadas ou perdidas polo concello. Di que o PP aprobaba os orzamentos pero o Sr. alcalde, o día no que se ían aprobar, decidiu retiralos e pactar co BNG. Di que o PP ten motivos para pensar que aquí hai algo que se lles oculta, e esa é unha das razóns da auditoría.

O Sr. alcalde informa de que van pasar a tratar a moción presentada por EU-IU, respecto da cal existe un informe da Secretaría municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que estiveron vendo o informe, pero que como explicou antes, en vinte minutos non se poden dixerir 14 páxinas con, ademais, un contido bastante complicado.

A Sra. secretaria sinala que a parte referida á moción de EU-IU son 3 folios. Di que neste caso si se trata dunha moción de carácter resolutivo porque a proposta que se trae coa moción si que é competencia do pleno, xa que é o pleno o órgano competente para aprobar os modelos de declaracións de actividades e de patrimonio, pero o problema é que o pleno da corporación tamén é o competente para aprobar o Regulamento orgánico municipal, modificalo e demais.

Di que o tema do rexistro dos bens e das actividades dos concelleiros está regulado no Regulamento orgánico municipal, polo tanto, se se aprobara esta moción tal e como ten sido presentada, que podería aprobarse no sentido de que é un asunto que é do pleno, pero, se se aprobara hoxe, o acordo sería nulo de pleno dereito, porque non se segue o procedemento legalmente establecido. Para chegar aos acordos que se propoñen por EU-IU, requírese facer un expediente de modificación do articulado do Regulamento orgánico municipal. Facendo ese expediente de modificación, que require a aprobación por maioría absoluta do pleno da corporación, exposición ao público no BOP para alegacións, resolución das alegacións e nova exposición no BOP, con iso xa estaría feita a regulación do rexistro de bens e intereses.

Continúa dicindo que ela, no seu informe, o que di é simplemente iso, que non se pode tratar esta moción hoxe porque se incurriría nun acordo que sería nulo de pleno dereito, nada máis, e despois, que o procedemento a seguir para levar a cabo a publicidade das declaracións, os medios e demais, debe facerse mediante a modificación do Regulamento orgánico municipal. Di que é só polo procedemento a seguir, que hoxe non se pode adoptar o acordo, ou mellor dito, non se debe adoptar, sería ilegal o acordo adoptado, pero iso non quere dicir que non se traía, loxicamente, a modificación ao pleno cando estimen necesario.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que eles pensan, baixo o seu criterio, co cal a secretaria discrepa, que a moción é perfectamente clara no referente

á modificación do Regulamento orgánico municipal. Di que hai un punto na moción, precisamente o primeiro punto, que contempla que paralelamente o goberno municipal levará a cabo a reforma do Regulamento orgánico municipal. Evidentemente hai que reformar o regulamento, pero pódese facer paralelamente. Cre que o proceso a seguir é presentar a moción e logo reformar o regulamento.

A Sra. secretaria informa de que, entón, a moción debería ter sido presentada dicindo que se leve a cabo a modificación dos artigos do Regulamento orgánico municipal para contemplar, precisamente, a publicación das declaracións, para regular e adaptar á lei, á modificación que se fixo da Lei de bases de réxime local, o Regulamento orgánico municipal no que se refire ao rexistro de bens e intereses.

Di que se a moción tivera ido nese sentido, de que se elaborese o correspondente expediente para a modificación dos artigos do Regulamento orgánico municipal, perfecto, pero o que non se pode aprobar é a parte dispositiva onde se di: *“Facer público, mediante a páxina web do concello ou mediante o Rexistro municipal, nun prazo de dous meses as declaracións de bens patrimoniais e actividades”* Iso non, é dicir, o concello, a día de hoxe, mentres non se modifique o Regulamento orgánico municipal, non pode levar a cabo a publicación na páxina web das declaracións. As declaracións son de 21 persoas que están interesadas aquí, e que loxicamente teñen que acordar a modificación do regulamento e establecer como se vai facer esa publicidade, porque si, pode publicarse na páxina web, pero pregunta que datos se publican, como se publican, non teñen por que publicarse todos os datos,... Todo iso ten que facerse mediante a modificación do regulamento, nada máis.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el aquí o que cre que teñen que ter todos é vontade, vontade para sacar adiante a moción. Parécelle que é unha moción significativa e importante, se todos están dispostos a facer algún tipo de modificación, que cre que non se necesitaría, porque insiste que nela xa se di que se vaia reformando o regulamento, á parte diso dá un prazo de dous meses, e pensa que dous meses é tempo suficiente para ter reformado o regulamento e logo, posteriormente, publicar na web municipal os bens dos concelleiros.

O Sr. alcalde proponlle ao voceiro de EU-IU que solicite que se modifique o regulamento no prazo de dous meses, e aprobar así a moción, segundo o informe da secretaria, para cumprir coa lei.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que eles están a prol de que se cumpra a lei, pero que cre que o primeiro punto é claro, moi ben, que en dous meses se publique na web, pois moi ben, antes reforman o regulamento, e que logo se publique. Pregunta que problema hai, que están a darlle voltas á historia.

O Sr. alcalde manifesta que pensa que o xusto sería aprobar a modificación do regulamento e incluír o tema.

O Sr. Taibo Casás di que perfectamente, que malo será que en dous meses non sexan o suficientemente áxiles para ter o regulamento modificado.

O Sr. alcalde pregunta por que non aproban traer en dous meses o regulamento, e logo, unha vez aprobado, traer a moción.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o segundo punto da moción é “*Encomendar ao alcalde e ao goberno municipal a elaboración dos novos modelos para formular as declaracións ...*” .

O Sr. alcalde di que o problema é que ten que estar primeiro o regulamento modificado, hai que modificar o regulamento, non é tan urxente, están falando de dous meses.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, moi ben, que a moción se admite con ese cambio, primeiro modificar o regulamento e, posteriormente o outro.

A Sra. secretaria di que así si, pero que a moción non dicía iso, e ela informou as propostas de acordo contidas na moción, non se podía poñer ela a cambiar a moción.

O Sr. alcalde dille ao voceiro de EU-IU que o bo sería, como non urxe, modificar o regulamento, reunirse os voceiros, ver que é o que queren incluír, e despois actuar.

O Sr. Taibo Casás di que nin aos voceiros, que se encomende ao alcalde e ao goberno municipal.

O Sr. alcalde di que haberá que ver que din os voceiros para modificar o regulamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, de calquera maneira, o fin que se persegue todos saben cal é, que se modifique o regulamento, e despois que se leve a cabo isto. O fin é o mesmo, e pregunta se, en todo caso, non van votar a moción coa salvidade que se fixo aquí.

O Sr. alcalde di que a moción non se vai poder aprobar.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta por que non se vai poder aprobar se están falando de facer unha emenda ao punto primeiro.

A Sra. secretaria di que o que se pode aprobar é que se traia ao pleno a modificación do articulado do Regulamento orgánico municipal relativo ao rexistro de declaracións de bens e patrimonio dos señores concelleiros, no prazo de dous meses, ou no que estimen

oportuno. Di que o que está claro é que o primeiro ten que ser a modificación do Regulamento orgánico municipal, sen iso, pregunta quen se vai responsabilizar de publicar na páxina web municipal a declaración de bens ou de dereitos de calquera dos concelleiros presentes, salvo autorización expresa. Son datos que están protexidos pola Lei de protección de datos, non se pode alegremente adoptar outra cousa nun acordo de pleno, porque pode haber aquí concelleiros en contra, e ela non se responsabiliza, e é ela a responsable precisamente do rexistro, e ela, dende logo, mentres o pleno da corporación non aprobe a modificación e diga como se vai levar a cabo esa publicación, ela non o publica na páxina web.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que comprende perfectamente a súa explicación, e inverten os termos, primeiro aprobar o regulamento e logo levar a cabo a publicación, non hai ningún problema.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que pensa que todos están de acordo co fondo da proposta de EU-IU, non cre que haxa ninguén en contra. Di que hai dúas cousas que hai que ter en conta, por un lado hai un Regulamento orgánico municipal que limita esa cuestión, e segundo hai outra cousa, que se chama Lei orgánica de protección de datos e que, como dixo a secretaria, dá igual o que se aprobe aquí, se un concellerio determinado non quere traspasar os límites da lexislación actual, non ten por que facelo, se aprobe o que se aprobe aquí.

Di que el lle propón ao Sr. Taibo que se refaga a moción, e que se recolla en acta que todos están de acordo co fondo da cuestión, que se aprobe a través dunha reunión da xunta de voceiros a modificación do Regulamento orgánico, adaptándoa á Lei orgánica de protección de datos, e con eses límites que, primeiro, se incorporen ao rexistro municipal todos os datos que agora mesmo son esixibles por lei, e que se determine por parte da xunta de voceiros os datos que, sen infrinxir a Lei orgánica de protección de datos, poidan figurar na páxina web, no que el cre que están todos de acordo, máis que nada porque, basicamente, os soldos xa están publicados en boletíns oficiais, e os bens están baixo a custodia da secretaria municipal para calquera autoridade pública que queira pedilos en caso de que haxa algunha discrepancia.

Conclúe dicindo que propón, se ao Sr. Taibo lle parece oportuno, que se modifique a proposta no sentido de que se reúna a xunta de voceiros, e que se propoña a modificación do Regulamento orgánico, no sentido de ampliar o máis posible toda esa transparencia pública de bens dos concelleiros, respectando a Lei de protección de datos que a todos lles ten que servir como límite.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que eles están totalmente de acordo no fondo da cuestión que se está tratando, porque é ir no camiño de cumprir coa legalidade, e da máxima transparencia, pero o que

pasa é que haberá que facer as cousas ben, e facer as cousas ben quere dicir que el non está de acordo en encomendarlle ao alcalde ou ao equipo de goberno a elaboración diso, porque do que están falando é de que hai que modificar o Regulamento orgánico municipal que é o seu estatuto de funcionamento de todos e todas os membros da corporación. Pensa que iso hai que tratalo con representación de todos os grupos e que sexa unha iniciativa de todos os grupos para facer esa modificación, se se pode facer en dous meses que non se faga en tres, e se poden facela en mes e medio que non se faga en dous meses.

Pensa que debería ser un traballo que poñerse para a vindeira xunta de voceiros que teñan, traer propostas elaboradas e, a partir de aí, iniciar o procedemento de reforma do Regulamento orgánico municipal. Pensa que ese debe ser o compromiso de todos que debe saír desta sala, pero non como unha encomenda ao goberno, senón coa directa participación de todos, tanto do goberno como da oposición, porque iso aféctalles absolutamente a todos, e que todos e cada un deles diga claramente como quere que sexan as normas de xogo polas cales se van rexer a partir deste momento.

Cre que iso é o que hai que facer, e poñerse xa como prazo para iniciar os traballos o mes de decembro, que xa teñen aí. Di que dous meses lle parecen pouco porque pensa que ten que ter un período de exposición pública de 30 días. Supón que serán dous meses para ter a proposta elaborada e aprobada por eles, para aprobación inicial, pero o documento ten que ir a exposición pública, aprobarse definitivamente e, a partir de aí, facer as accións que sexan pertinentes.

Conclúe dicindo que, estando todos de acordo co fondo da cuestión, o mellor é poñer as cousas que hai que poñer de primeiro, que é a reforma do regulamento, e facelo entre todos, que lles afecta a todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, respecto do que dixo o voceiro do BNG, no segundo punto no que se expón que o Sr. alcalde e o grupo de goberno fagan os modelos para formular as declaracións é porque, dalgunha maneira, son os que gobernan, pero cre que eses modelos logo terían que ser revisados polo resto da corporación, evidentemente.

Por outra parte, respecto do que dixo o Sr. Javier Varela, cre que coincide co que dicía a secretaria, teñen que sentarse, modificar o Regulamento orgánico municipal e despois tirar para adiante. Cre que queda demostrado que esta moción ten interese, porque está levantando bastante debate, pero pensa que, evidentemente, hai cousas que ao mellor non se poden publicar, pero o que non queira publicar que o diga, o que teña algo que ocultar que o diga. Di que el é representante público, é concelleiro deste concello e non ten nada que ocultar, é máis, tanto el como o seu compañeiro de grupo, cando entraron na corporación fixeron sendos escritos, un para o Sr. alcalde e outro para a secretaria, dicíndolles que calquera cidadán do concello que quixera acceder á súa declaración de

bens, que podía acceder. Iso xa foi no ano 2007, e fixérono público nos medios de comunicación, así que eles non teñen nada que ocultar. Con esta moción, nada máis o que piden é que os demais compañeiros da corporación se sumen á súa proposta, nada máis.

Termina dicindo que a continuación vai pasar a ler a moción.

O Sr. alcalde dille que como non se vai aprobar, o mellor é que a lea cando se aprobe o regulamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que quedaron en aprobala coas modificación que dixeron.

O Sr. alcalde di que non é así, que ata que non se modifique o regulamento, non vai aprobar a moción, baixo ningún concepto. Dille que se a quere ler, que a lea, pero que van facer as cousas ben.

O Sr. Taibo Casás manifesta que está ben, que fan esa salvidade, pero que el vai ler a moción que presentaron.

Moción do grupo municipal de EU-IU sobre o acceso público aos bens e patrimonios dos membros da corporación municipal

Rexistrada de entrada ao núm. 15.840 o día 21 de novembro de 2009, consta da seguinte parte expositiva:

“A Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo, modificou o artigo 75.7 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, onde os concellos teñen a obriga de facer público a declaración de bens de todos/as os representantes electos que compoñen a corporación municipal segundo a Lei do solo. A declaración pública poderá materializarse a través do Rexistro municipal ou da propia web do concello.

Considera o noso grupo, que o desempeño de calquera cargo de representación política aconsella a maior coherencia posible cos valores éticos do noso ordenamento xurídico, co fin de que a cidadanía recupere a confianza nos cargos públicos.

É evidente que o mellor patrimonio de todo representante institucional é a confianza que manteñen os cidadáns sobre a súa honestidade. O grupo municipal de EU-IU en consonancia coa transparencia que debe predominar en todo cargo público, estima que é unha boa ocasión para transmitir unha imaxe positiva da xestión ante os veciños/as sobre a utilización correcta do cargo para o que foi elixido, en beneficio común e non propio.

Indudablemente, para manter esta confianza non hai mellor método que dar a coñecer de forma transparente, e en todo momento os bens e as actividades dos concelleiros/as que teñan carácter lucrativo ou que afecten ao ámbito de competencias da corporación municipal, para isto existe a páxina web do concello ou o propio Rexistro municipal, que se constitúen en vehículo ideal para conseguir esta transparencia.”

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a proposta de acordos non a vai ler, porque xa quedaron en modificar o Regulamento orgánico municipal.

7º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2014, de data 13 de novembro de 2009, cuxa parte dispositiva se transcribe a continuación:

“Primeiro: Revogar o nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local, efectuado a prol de don José Venancio Salcines Cristal, por Resolución de Alcaldía núm. 1414, de 22 de xullo de 2009.

Segundo: Revogar o nomeamento como 6º tenente de alcalde, efectuado a prol de don José Venancio Salcines Cristal, por Resolución de Alcaldía núm. 1415, de 22 de xullo de 2009.

Terceiro: Revogar a delegación xenérica conferida a prol de don José Venancio Salcines Cristal mediante Resolución de Alcaldía núm. 1416, de 22 de xullo de 2009, para a área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal.

Cuarto: Revogar a delegación da presidencia da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior, efectuada a prol de don José Venancio Salcines Cristal, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1641, de 14 de setembro de 2009.

Quinto: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

8º Rogos e preguntas

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta ao Sr. alcalde se entendeu ben antes e se pode ler a moción como un rogo.

O Sr. alcalde confirma ese feito e a continuación dáse lectura ao escrito presentado polo PP o día 21 de novembro de 2009, co núm. 15843, e que consta do seguinte teor literal:

“As contas do Concello de Cambre adolecen de numerosas irregularidades que a ningún dos membros desta corporación se lle escapan. Nas últimas semanas todos os veciños de Cambre temos podido comprobar que é o que este goberno está facendo co diñeiro de todos. Pero xa durante un pasado pleno ordinario, o que foi primeiro tenente de alcalde deste municipio acusou publicamente ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego de ter realizado adxudicacións directas de contratos, de forma irregular, por un importe de 759.000 euros durante a pasada lexislatura. Moitas das obras contratadas irregularmente, segundo as palabras do propio concelleiro socialista, terían sido adxudicadas a militantes e simpatizantes nacionalistas. E todas elas, continuando coa exposición do Sr. Varela Tejedor, terían contado, como non podería ser doutra maneira, coa firme oposición da intervención municipal. En concreto, a acta da sesión di textualmente o seguinte:

“Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que (...) durante os anos 2005, 2006 e 2007 os concelleiros do BNG adxudicaron ou propuxeron adxudicacións con reparos da Intervención municipal por importe de máis ou menos 700.000 € (...) En canto aos contratos adxudicados ou propostos polo BNG entre 2005 e 2007, mencionados anteriormente, non se refire a actuacións legais, senón con presunta infracción da legalidade, con reparos da Intervención.”

Ante estas acusacións o voceiro nacionalista suxeriu nese momento que se se consideraban certas que se denunciaran ante os tribunais de xustiza. Descoñecemos os motivos polos que non se fixo.

O Partido Popular e os veciños de Cambre coñecemos a través destas afirmacións que existían moitas actuacións irregulares cometidas durante a pasada lexislatura, e despois dos feitos publicados pola prensa nas últimas semanas sabemos que as irregularidades continúan nesta. Pero non podemos coñecer, froito da falta de transparencia coa que se gobernou este municipio durante as últimas décadas, que contratos se adxudicaron sen realizar os preceptivos procedementos de contratación e que gastos dos realizados dende entón están aínda por xustificar ou sen pagar.

Nas últimas semanas temos comprobado con enorme tristeza cal é a forma que os socialistas de Cambre teñen de entender o concepto de servizo público. O desbaratamento do diñeiro público é unha constante deste goberno dende fai moitas lexislaturas e estamos convencidos que os feitos destapados ultimamente e que levaron á dimisión do voceiro socialista nesta corporación coa punta do iceberg do que se está facendo neste concello. Como xa denunciámos fai varios meses, o pacto ao que chegaron PSOE e BNG de Cambre oculta intereses económicos e outros que aínda están por aparecer, pero que podemos imaxinarnos perfectamente á luz dos feitos que fixeron dimitir a Venancio Salcines nas últimas semanas. Pero máis triste se cabe é a actitude do Bloque Nacionalista Galego, que ante a grande oportunidade que tiveron de

desmarcarse desta forma de actuar e de denunciar publicamente o que estaba pasando, non só non o fixeron sen'n que mantiveron e reafirmaron o apoio a este alcalde.

A falta de transparencia coa que actúa o goberno de Cambre dende fai anos impide que o Partido Popular de Cambre poida enxuízar a regularidade ou irregularidade dos gastos levados a cabo polos concelleiros nacionalistas e socialistas durante esta e as pasadas lexislaturas, polo que a nosa obriga é a de esixirle ao goberno local transparencia na actuación municipal. PSOE e BNG teñen un gran interese en enmascarar as irregularidades cometidas nos últimos anos e este é o único motivo do peche de filas que fixeron nas últimas semanas. Agora os veciños de Cambre xa poden ter claro cal foi o motivo de que o alcalde decidira subscribir de novo este pacto de goberno fai varios meses.

Como xa nos temíamos hai un ano, cando o Partido Popular esixiu por primeira vez que se contratara unha auditoría municipal, todas estas irregularidades e as sospeitas de que poidan existir moitas máis, turbaron e seguirán turbando toda a actividade municipal durante o resto da lexislatura. Entendemos, en todo caso, que os motivos que os levaron a formular esta e a anterior moción son da categoría suficiente como para esixir que se cumpran os seus acordos e que o único que pretenden é dotar a este municipio da transparencia da que careceu durante as últimas lexislaturas, polo que non faría máis que aumentar as nosas sospeitas que a mesma fora rexeitada por quen din que non teñen nada que ocultar.

Debemos denunciar coa mesma insistencia as continuas alusións que este goberno, e especialmente o alcalde, fan aos funcionarios cando aparece algunha irregularidade que afecta aos concelleiros socialistas ou nacionalistas. A auditoría de xestión que reclamamos, non pretende outra cousa máis que destapar as irregularidades cometidas polos responsables políticos durante os últimos anos e en nada pretende enxuízar o labor do persoal municipal. Cando falamos de responsables políticos falamos do alcalde e dos concelleiros do seu goberno, e non de ningunha outra persoa nin funcionario público. Dende o Partido Popular somos perfectamente conscientes de que a lei reserva as funcións fiscalizadoras das contas públicas á Intervención municipal e ao Tribunal de Contas, pero non existe motivo ningún polo que non se poida contratar unha auditoría con funcións meramente informativas e que poida aclarar, tanto ás forzas políticas municipais como a todos os veciños de Cambre, como se xestionou o diñeiro e de que maneira se teñen realizado os contratos públicos en Cambre nos últimos anos. E non só iso, senón que nos aclarará de maneira definitiva o estado financeiro dun municipio que na última lexislatura parece que sobreviviu grazas ao remanente de tesourería.

Por estes motivos o grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambre solicita ao pleno a declaración de urxencia desta moción, pola que presenta para o seu debate e posterior aprobación polo mesmo pleno municipal a seguinte PROPOSTA

Primeira: Requirir ao goberno municipal para que inicie os trámites para a contratación dunha auditoría externa das contas municipais, da contratación pública, do réxime interior e da adxudicación e tramitación de licenzas urbanísticas entre os anos 1999 e 2009. O citado contrato será licitado e publicado nos medios que corresponda segundo a súa natureza e contía antes do 28 de febreiro de 2009 e deberá recaer nunha empresa oportunamente habilitada para realizar as actividades de auditoría.

Segunda: En todo caso o informe de auditoría terá carácter informativo e os seus resultados non terán efecto xurídico ningún sobre os expedientes obantes neste concello. A empresa adxudicataria terá acceso a toda a documentación necesaria para o desempeño das súas funcións, aínda que estará totalmente sometida aos criterios e limitacións que consideren os funcionarios de habilitación nacional deste concello. O informe de auditoría, en consecuencia, só se poderá incorporar aos expedientes incoados a consecuencia da convocatoria da sesión do pleno da corporación na que se dea coñecemento do seu resultado e os que sexan necesarios para acreditar a finalización da execución do contrato.

Terceira: A empresa adxudicataria deberá remitir antes do día 15 de cada mes un informe sobre a execución dos servizos contratados, do que se dará coñecemento en cada sesión ordinaria da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal.

Cuarta: Os resultados da auditoría serán públicos e poranse a disposición dos cidadáns durante non menos de 60 días nas dependencias municipais. Todos os grupos municipais de Cambre recibirán copia íntegra do informe de auditoría no prazo de 3 días dende a súa remisión ao concello.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, por alusións, quere dicir que o voceiro do Partido Popular, que non o Partido Popular, está facendo un uso terxiversado e malicioso dunha intervención súa a principio de lexislatura, que foi rectificadora e ratificada nun pleno posterior, que non usa para nada o Sr. Cubeiro, do 30 de outubro, no que matizou e deixou claro que as irregularidades ás que se refería eran irregularidades administrativas, que efectivamente tiñan reparos da Intervención municipal, irregularidades administrativas que existen, desgraciada ou afortunadamente, non o sabe, porque senón a xestión poderíase paralizar, en moitísimos concellos.

Di que iso díxoo no seu momento, e que dixo textualmente que se trata de que, no seu momento, a súa intervención era unha dialéctica política que o concelleiro do PP está terxiversando intencionadamente, que el para nada acusou a ningún dos concelleiros do BNG de ningunha irregularidade ilícita-penal, e que simplemente dixo que había facturas con reparos administrativos, na súa maioría de pouca importancia, e que agora o PP está utilizando o tema demagoxicamente.

Continúa dicindo que se ratifica no mesmo, e di, e mantén, que as irregularidades existían, administrativamente, e que seguramente as teñen cometido todos, os políticos do PP, do PSOE, do BNG, EU-IU, en todos os concellos, porque é moi difícil axustarse plenamente cando hai que xestionar un orzamento, ás veces con urxencia, ás estritas normas contables e de Intervención que existen en cada municipio.

Pídelle ao Sr. Cubeiro que non terxiverse así as súas opinións, e sobre todo, que se quere utilizar que o faga coas matizacións que se fixeron no pleno de 30 de outubro de 2008. Engade que non o di porque estea defendendo a ninguén do Bloque, porque é público e notorio a súa oposición ao pacto político existente neste momento, aínda que o respecta por disciplina de grupo.

Por outro lado, di e reitera que se manifesta na súa opinión de instar como concelleiro singular ao alcalde, e como membro dun grupo político determinado, a que se faga esa auditoría cos efectos xurídicos que na propia moción do PP, establecida agora como rogo, se pretende.

O Sr. alcalde di que como é unha facultade do alcalde, e como é un rogo, acepta ese rogo, e de inmediato se van iniciar os trámites para a contratación da auditoría.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que oxalá así sexa.

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15844 o día 21 de novembro de 2009.

1º Rogamos nos informen cal foi a data de escritura dos terreos para o novo colexio público da Barcala, nos dean copia dela e cal é o importe de todos os gastos xerados, incluído o terreo.

Don Jaime Manuel López Lisnier pregunta como sabe o PP que hai unha data de escritura, porque di que eles non o saben, e que o PP está asegurando que hai unha escritura feita.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que el non asegura, que el pregunta, porque fai poucas semanas aprobáronse os orzamentos da Xunta de Galicia, a prensa chamou aos alcaldes, e todos os alcaldes manifestaron a súa postura en relación cos orzamentos, ata aí normal. Di que o único caso extraordinario foi o alcalde de Cambre que, durante dous días seguidos, aproveitou a oportunidade para criticar, especialmente neste caso ao presidente do PP de Cambre, con moitas falsedades. Unha das cousas que esgrimía era que falaba, tiña reunións, moitas cousas desas, e nada de solucións. Dille que el non é alcalde, que o alcalde é o Sr. Varela Saavedra, pero é que, ademais, unha

das grandes mentiras que dixo o goberno municipal foi que nos orzamentos da Xunta non había unha partida para construír o colexio. Di que el xa llo dixo moitas veces, que non enganen á xente. Para que se constrúa un colexio en Cambre a Xunta ten que ter os terreos a disposición, se o goberno municipal está dicindo que nos orzamentos non hai unha partida, el ten que entender que xa puxeron o terreo a disposición da Xunta, senón ten que entender que están manipulando a información. Polo tanto, volve preguntar cando se comprou o terreo para poder esixirlle á Xunta que constrúa o colexio e, senón, que recoñezan que os están enganando.

Don Jaime Manuel López Lisnier di que esta pregunta xa foi contestada aquí noutro pleno, e a información que lles deron foi que estaba en tramitación a expropiación dos terreos, e que a finais de decembro seguramente terían eses terreos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pide que lle explique por que, entón, están criticando á Xunta de Galicia por non ter unha partida orzamentaria, e ao presidente do PP de Cambre en concreto. Pregunta se llo poden explicar ou se están manipulando a opinión pública unha vez máis. Dille que non ten resposta para esta pregunta.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que si ten resposta. Tiveron unha reunión na Xunta co secretario xeral, e díxolles que chegarían a tempo con iso, poderían habilitar unha partida para o proxecto, e non se fixo. Igual que aseguraron que ían reformar o outro colexio, o do Graxal, e cando os técnicos informan de que esa reforma sería sobre 700.000 euros, eles a partida que habilitan é de 150.000.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que el preguntou polo colexio da Barcala.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que, respecto do colexio da Barcala, están pendentes para esta semana os informes do arquitecto sobre as alegacións presentadas por tres dos propietarios. Segundo lles dixo o responsable máximo, despois diso, a finais de mes, poden ter xa os terreos pagados e as escrituras no seu poder.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, entón, o que el ten que dicir é que cando o goberno municipal reclama un orzamento por parte da Xunta o que están intentando dicirlle á xente é que xa teñen os terreos, e iso é mentira, non teñen os terreos.

2º Rogamos nos informen de cantas denuncias ou expedientes sancionadores teñen abertos na actualidade Augas de Galicia ou Seprona contra o Concello de Cambre e cales son as causas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que hai tres expedientes sancionadores de Augas de Galicia. Un deles, xa caducado e arquivado por Augas o 13/12/2007, e dous en curso, dos cales, un deles cunha proposta de sanción que teñen en

procedemento de recurso de alzada, de 20.000 euros, que é por vertidos na ría, e outra proposta de sanción, polo outro, por uns vertidos no polígono, de 6.000 euros, que tamén está en trámites de recurso.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que ultimamente tiveron información de que hai 17 puntos de contaminación en Cambre. Pregunta se eses puntos non teñen ningún tipo de expediente aberto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el leu o rogo, que ao final non é tal rogo, que é unha pregunta, e nel piden que lles informen de cantas denuncias ou expedientes sancionadores hai, e foi a resposta que lle deu, os expedientes sancionadores que están abertos neste momento son eses que comentou.

O Sr. Cubeiro Martínez di que hoxe é un pleno especial, porque agora resulta que os rogos son preguntas, as mocións non son máis que rogos, en fin, este é un pleno moi técnico, dende logo, están afinando moitísimo.

3º Veciños do Temple e Cambre manifestáronnos as súas queixas polo continuo atraso na entrega de cartas e avisos. Rogamos se nos informe se teñen feito algunha xestión para mellorar este servizo.

O Sr. alcalde contesta que teñen unha carta de don José Luis Varela, xefe de servizos periféricos, onde di que neste momento os servizos se están prestando a pleno rendemento, que non teñen ningunha queixa nin na cartería do Burgo, nin na de Cambre, e di que a el lle gustaría que se hai algunha denuncia ou reclamación, saber cales son, para poder mandarllelas ao xefe de servizos periféricos. Parécelle que sería bo que se hai algunha, dicirlle o que hai.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que moi ben, que entón falarán cos veciños para que lles fagan un escrito cada un deles, ou que lles asinen.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15841 o día 21 de novembro de 2009.

1º Sobre a transparencia dos gastos derivados de atencións protocolarias, gastos de representación e axudas de custo por asistencia a órganos colexiados.

A base vixésimo novena do Orzamento xeral do concello, relativa a atencións protocolarias e representativas, contempla textualmente que *“terán a consideración de atencións protocolarias e representativas aqueles gastos que o alcalde e demais concelleiros teñan a necesidade de realizar no desempeño das súas funcións e*

redundando no beneficio ou utilidade da Administración, e para os que non existan créditos específicos noutros conceptos”.

O Concello de Cambre destina en cada exercicio miles de euros a gastos protocolarios e representativos, que nalgúns casos son motivo de polémica pola súa utilización. Entende o noso grupo que quen paga ten dereito a recibir toda información, tendo en conta que a transparencia debe ser un dos piares fundamentais do conxunto das administracións públicas, e neste caso o noso concello non está alleo a este principio de actuación política.

Con obxecto de contribuír cos medios existentes ao noso alcance para dignificar a vida política e institucional do concello, para conservar e aumentar a confianza nas institucións por parte dos cidadáns e transmitir unha imaxe positiva da xestión pública. O noso grupo municipal presenta o seguinte rogo:

- Que o goberno municipal publique na páxina web cunha periodicidade de tempo non superior a tres meses, todos os gastos derivados das atencións protocolarias e gastos de representación realizados polos responsables municipais, cumprindo co establecido nas bases de execución do orzamento municipal.

- Que o goberno municipal publique mensualmente na páxina web as cantidades que os membros da corporación reciben polas súas tarefas públicas derivadas do seu cargo, en concepto de pagos e axudas de custo por asistencia a plenos, comisións, xuntas de goberno, xunta de voceiros, mesas de contratación, xuntas de coordinación, etc., de maneira que calquera cidadán poida coñecer canto recibiu cada concelleiro individualmente e en concepto de que.

O Sr. alcalde contesta que non hai ningún inconveniente, porque son públicas, e así se fará.

2º Sobre o saneamento da ría do Burgo.

Recentemente o noso grupo municipal mantivo unha reunión coa xunta directiva da Asociación de Mariscadores, afectados pola cualificación de zona C da ría do Burgo que impide calquera tipo de actividade extractiva con fins comerciais, influíndo esta medida de forma importante neste colectivo que representa a un total de 94 traballadores.

Despois dunha análise da situación en xeral puidemos lamentablemente observar como entre outros impedimentos que están a ralentizar o proceso do saneamento da ría, está a reincidente falta de dignidade de máis dun dirixente político, dicindo abertamente que os seus concellos non contaminan e cumpren con todas as normativas medioambientais, mentres tanto séguense producindo vertidos contaminantes e os índices de contaminación non baixan. Serven como exemplo as declaracións do alcalde da Coruña

ou a falta de apoio institucional dos concellos ás manifestacións promovidas pola Plataforma que esixe a recuperación inmediata da ría.

Ante esta situación o noso grupo municipal prega:

- Que o Sr. alcalde como máximo representante político do concello ou persoa na que delegue, formule e leve o dito problema ao ente supramunicipal do Consorcio das Mariñas, co obxectivo de aclarar todas estas declaracións e tratar o problema da ría co fin de chegar a acordos que contemplan o compromiso de que todos os concellos asociados no Consorcio, se impliquen de xeito activo no problema, fixando un calendario ou elaborando unha folla de ruta cos prazos necesarios co fin de controlar e eliminar calquera tipo de vertido co obxectivo final de proceder despois ao seu saneamento integral.

O Sr. alcalde contesta que lle pediría que esta petición lla faga chegar ao Consorcio, porque en realidade este é un tema individual de cada concello e no seu conxunto do Consorcio, pero preferiría que o concelleiro de EU-IU mandara unha carta, se quere, para dirixirse ao Consorcio, porque hai alcaldes que están un pouco a prol da ría, e outros non. Di que el pediría que, aínda que eles defendan o tramo da ría, se ao Sr. Taibo non lle importa, que faga chegar unha carta neste tema, e el o que fará será defendela no pleno do Consorcio, para que non vexan que é un tema deles.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que el non ten inconveniente, todo o contrario, que todo o que se faga polo saneamento da ría, moito mellor. O que el di é que hai unha serie de concellos da área metropolitana que están implicados directamente, viven na ribeira da ría, e están implicados directamente na súa contaminación e nos vertidos, e cre que é un problema que deberían tratar entre todos, e entre todos tratar de tomar unha resolución e unha determinación. Non sabe se haberá que recorrer ao Parlamento de Madrid, se haberá que acudir a Bruselas, ou se haberá que apoiar as mobilizacións, pero nese sentido non hai problema ningún e enviará unha carta para que se trate no Consorcio.

3º Sobre o deficiente funcionamento do 065.

Son moitas as denuncias e queixas dos usuarios/as do Servizo Galego de Transporte Adaptado. Un modelo que o anterior goberno consideráboo pioneiro e modélico, convertíndose agora nun servizo mediocre e conflitivo.

Tamén no noso concello temos veciños/as que teñen que empregar este servizo para realizar os seus desprazamentos. Eles mesmos están a ser testemuñas da precariedade do funcionamento do transporte.

Ante isto o noso grupo considera que unha das responsabilidades do goberno local é velar pola calidade de vida de todos os veciños/as e especialmente aqueles que teñen máis problemas, sendo a súa obriga facilitar apoio a estas persoas.

Por todo isto o noso grupo municipal prega ao goberno e á súa concelleira responsable:

Realicen todo tipo de xestións, mobilizando e se fose necesario denunciando este servizo e o seu mal funcionamento, así mesmo procedan a paliar con recursos propios, e dentro das súas posibilidades, as carencias e deficiencias deste servizo, atendendo ás distintas necesidades dos veciños/as, neste caso afectados por problemas de mobilidade.

O Sr. alcalde contesta que están de acordo con isto e que fai algún tempo mandáronlle unha carta ao Presidente da Xunta. Todos saben que lles enviaron unha carta dicindo que a partir deste ano o servizo municipal se cortará, que a comunidade autónoma prestaría o servizo, nestes momentos hai bastantes problemas, porque hai moita xente que o ten que usar e non funciona á perfección. Di que seguirán insistindo e que, loxicamente, van a ver se nestes días lles dan contestación e se non é así, volverán a iniciar, pero están facendo xestións e dirixíronse ao Presidente da Xunta para ver como soluciona este tema, que de verdade é bastante grave.

Don Juan Antonio Fernández López manifesta que lle aleda moito que considere o problema grave, niso están completamente de acordo, e o único detalle, e dentro das posibilidades como puxeron no rogo, se se conta con recursos propios, ante deficiencias puntuais nese servizo, que saben que ten moitas, piden que o concello as mitigue, dentro da súa posibilidade, falando dos veciños de Cambre que estean afectados por ese precario servizo. Di que esa é un pouco a idea do rogo presentado.

O Sr. alcalde di que o estudarán.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15892 o día 23 de novembro de 2009.

1º Rogo se informe en que estado se atopa o expediente para a contratación do PXOM de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que neste momento estase redactando o prego de prescricións técnicas e as cláusulas administrativas. Di que mandaron un escrito á Xunta para ver se este ano hai financiamento, porque o orzamento está por riba dos 300.000 euros, este ano non había e consultaron se van a contar con algunha partida orzamentaria. Segundo o xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez, antes de irse de Navidade van ter unha reunión de todos os grupos para ver o prego de prescricións técnicas deste tema.

Don Manuel Marante Gómez responde que agarda que iso sexa verdade, porque iso xa llo dixo hai dous meses, que para o mes seguinte o ían ver, que estaba Emilio Martínez redactándoo, agarda que antes das Navidades sexa así e que, dunha vez por todas se saque ese documento.

Continúa dicindo que como exemplo ao que se dicía antes de que ían falar sobre os informes estes, hai un informe para resolver o anterior contrato coa empresa adjudicataria, refírese a un informe previo, de cando se empezou a falar de resolver o contrato, onde se culpaba á empresa dese atraso de 11 anos. Logo, cando a empresa recorreu todo o mundo era bo, fíxose outro informe e todo o mundo era bo, a empresa cumprira, o concello cumprira, os políticos ..., cumpriron todos, pero os veciños pagaron un plan xeral, un documento, uns cantos millóns de pesetas, pero seguen sen plan xeral, era para facer en 20 meses e tardaron 11 anos, e houbo que rescindilo, a ver se agora vai.

2º Rogo se informe de cales son os motivos polos que moitos locais comerciais de Cambre se atopan sen licenza municipal de apertura, a pesar de que exercen a súa actividade desde fai anos.

O Sr. alcalde contesta que a el lle gustaría ver cales son, supón que se atoparán en tramitación, e se hai algún que o Sr. Marante coñeza, poden velo, non sabe que dicirlle a este tema.

Don Manuel Marante Gómez responde que unha cousa é que non saiba que dicir, ou non queira dicir, e outra cousa é que lle pregunte a el se sabe dalgún. Di que saben todos dun montón deles, e o alcalde tamén, e para iso teñen os servizos técnicos onde están os expedientes, e pode pedirilles os expedientes que estean abertos para abrir actividades, e que estean parados polo motivo que sexa. El non pide que se vaia a por ninguén, nin sequera quere denunciar ao goberno neste aspecto, o que quere é que poñan o máximo interese en legalizar esta situación, legalizar eses locais que están en precario dende fai moitos anos, e iso sábeno todos, case todos os veciños, e o Sr. alcalde non.

Continúa dicindo que el o que quere é que se tomen cartas no asunto, que se mire de legalizar esta situación, porque como haxa unha desgraza por aí, oxalá que non, despois haberán de sacarlle punta todos. Di que hai moitos locais, non son 2, 3, 4 ou 20, son máis, son moitos. Xa cando el estivo no goberno llo dixo ao Sr. alcalde, e agora está fóra é volve dicirllo, que non lle veñan dicindo que antes non o dicía, tamén o dicía. Pide por favor que boten man no tema porque é bastante grave.

3º Rogo se informe por que motivos non poden os veciños de distintas parroquias, usar as redes de sumidoiros instaladas fai xa anos, por distintas administracións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que este é un tema que teñen tratado en moitas ocasións e cre que o Sr. Marante tamén o coñece. Hai varias redes de colectores secundarios nos que os proxectos saíron de aquí de Cambre, pero as administracións que as levaron a cabo son a Xunta de Galicia, e nalgún caso tamén a Deputación. No momento de remate desas obras, os servizos técnicos municipais e a empresa que ten a concesión do mantemento desas redes, detectaron mala calidade, malos acabados, ou defectos na construción, ou partes da obra que estaban sen rematar. Di que con base neses informes o Concello de Cambre tense dirixido xa, en varias ocasións, dende fai moito tempo e tamén recentemente, tanto á Xunta de Galicia como á Deputación, para que obrigue as empresas a que corrixan as deficiencias.

Continúa dicindo que é ben certo que algunhas das deficiencias son pequenas, e mesmo cre que teñen comentado nalgunha ocasión que, en principio, a decisión que teñen tomada cando se trata de pequenas deficiencias é corrixilas dende o concello e poñelas a funcionar. Pero tamén saben que son redes, e que de pouco lles vale que un tramo de 1000 metros ou 700 metros estea perfectamente, se o ramal onde desemboca ten defectos, non se pode poñer en funcionamento e, polo tanto, os tramos de atrás tampouco servirían.

Di que esa situación é na que están. É realmente grave e preocupante, pero estase facendo todo o que se pode facer, dende o punto de vista administrativo e político, para que saian as cousas adiante. Hai algúns deles, que eses tamén son coñecidos e teñen falado máis veces, que dependen da instalación dos famosos caudalímetros xunto ao Gaitero, e pode dicirlle que están xa completamente rematadas e entregadas as obras, e que neste momento están no punto da tramitación ante a Consellería de Industria dos permisos de enganche eléctrico que necesitan para poder facer a contratación con Fenosa. Supoñen que será en moi pouco tempo no que se poderá poñer en marcha.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que está claro que, efectivamente, pode haber que facer xestións, pero hai instalacións que terán algúns defectos, terán o que queiran, pero todos saben que cando se fai unha instalación con diñeiro público é para que funcione cando se remata, e se ten algún defecto haberá que solucionalo, o que non se pode é estar deixando pasar anos e anos. O investimento está aí feito e iso está parado, ao final cando vaian utilizar algunha das redes de sumidoiros estarán atascadas de terra, porque se non se usan ao final atáscanse, e ao final non valen para nada, non as van usar agora, non as van usar despois, nin con defectos nin sen eles.

Don Henrique Xabier Iglesias responde que está completamente de acordo co Sr. Marante, pero o que pasa é que eles o que teñen que recibir, e é a súa responsabilidade, son instalacións e equipamentos acabados e funcionando ben. O que non poden é cargarlle ao orzamento dos veciños de Cambre reparacións por mal funcionamento de equipamentos que reciben que están en mal estado, é igual que cando van mercar un coche, mercan o coche novo e non aceptan un coche que teña golpes ou que lle funcione

mal o motor, ten que estar novo porque senón non o queren. Eles queren instalacións que teñan garantía, esa é a súa responsabilidade.

Continúa dicindo que xa lle dixo ao Sr. Marante que nos tramos nos que os informes dos técnicos se correspondan con defectos moi leves, de limpeza, ou de cousas de menor importancia ou secundarias, dende logo, o que van facer é poñelos en funcionamento, porque o custo que ten para eles poñelos en marcha é pequeno. Agora ben, se son defectos graves non o poden facer, simplemente porque non funcionan, un coche ao que non lle arranxa o motor, non se pode usar.

Don Manuel Marante Gómez di que están de acordo, que supón que de aquí a un ano aproximadamente, van saír todos funcionando.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15845 o día 21 de novembro actual.

1ª Cando teñen previsto contratar a redacción do PXOM?

O Sr. alcalde contesta que como xa dixo, segundo Emilio Martínez estanse elaborando as bases de adjudicación e os traballos de redacción. Mandouse unha carta de data 17 de novembro, ao conselleiro de Medio Ambiente para ver se hai algún tipo de financiamento, e están pendentes. O técnico díxolle que antes das Navidades quere ter todo preparado para ter unha reunión, e iso é o que pode dicir.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que o que pasa é que, como xa se dixo fai un momento, el fixo a pregunta porque cre que é moi importante este asunto e é necesario incidir. Levan máis de 12 anos, pagáronse xa 250.000 euros, e teñen que volver ao punto inicial. Di que cre que o Sr. alcalde e os seus socios de goberno, que estiveron gobernando xa vai para cinco anos, terían que asumir algunha responsabilidade. Están a falar de xente de Cambre que non pode facer as súas casas, xente de Cambre que ten propiedades que non sabe se valen ou non valen. El cre que debería tomarse isto con suficiente interese, e se ten algún motivo para que o plan non se faga, que o diga, que diga por que non, para que se poidan facer unha idea, que nesta lexislatura non o vai haber porque este alcalde non o quere, pero non pode botarlle agora a culpa a Emilio Martínez.

O Sr. alcalde di que non, que o que el dixo era que estaba redactando as bases.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que como lle dixo moitas veces ao Sr. alcalde, sempre se escuda nos funcionarios, agora é Emilio o que se está atrasando, e non señor, non é el, senón que van 11 anos, 250.000 euros.

2ª Cando teñen previsto continuar coas obras da estrada de Lendoiro a Espíritu Santo?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, como xa se ten comentado en máis dunha ocasión, as obras da estrada de Lendoiro a Espíritu Santo non están promovidas polo Concello de Cambre, nin son en terreos de titularidade municipal, son obras promovidas pola Deputación, polo tanto non é o Concello de Cambre o que as está facendo e, polo tanto, nos as pode continuar tampouco.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que aos que gobernan Cambre deberíalles dar vergonza o estado desta estrada, e deberíalle dar vergonza ao Sr. alcalde sacarse unha foto co presidente da Deputación, prometendo obras de asfaltado en Cambre. Pregúntalle se ese día non lle preguntou por esta estrada, se non se acordou, se non é bastante importante. Di que el invita aos veciños de Cambre a que vaian alí, porque agora que están falando do secuestro do Alakrana, aquilo parece Somalia. Se alguén ve as sinalizacións onde acaba a estrada, onde comezaría o tramo novo, hai uns tubos de cor vermello que son os que se utilizan para as pluviais, e iso é o que lle indica aos condutores que a estrada está curtada.

Conclúe dicindo que pensa que deberían ir alí, e que deberían de poñerse da cor dos tubos, moi vermellos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o PP o que lles pregunta é cando teñen previsto continuar as obras.

O Sr. Cubeiro Martínez di que o voceiro do BNG sabe perfectamente o que lles pregunta, que conteste ao que preguntan e que deixe de darlle voltas.

O Sr. Iglesias Oviedo dille que el tamén sabe perfectamente polo que pregunta.

O Sr. alcalde pide orde.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pide que non lle dea voltas, que lles debería dar vergonza e nada máis, e que fagan o seu traballo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que a actitude do Sr. Cubeiro, en público e en privado, está claro que está ben cualificada. Non sabe se a partir destes momentos vai terlle que pedir permiso ao Sr. Cubeiro para poder intervir.

Conclúe dicíndolle ao Sr. alcalde que dá por contestada a pregunta.

3ª En que estado de desenvolvemento se atopa a moción presentada polo PP e aprobada por esta corporación para que as obras relacionadas coa canalización de gas ou as de electricidade sexan controladas por ECAS, para garantir que se cumpre o proxectado?

Don Nicolás José Cubeiro engade que esta moción foi aprobada fai máis dun ano.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que segundo el cre, naquel momento, cando se aprobou esta moción, isto era un punto concreto dunha delas. Por parte dos servizos técnicos que coñecen perfectamente como funciona o tema do control técnico e o que ten que ver coas ECAS, ou OCAS, ou como se queira chamar, xa se pasou unha información. En todo caso, di que o que vai facer, porque é unha cuestión técnica bastante complexa e aburrida, é pasarlles cando remate o pleno unha copia para que teñan coñecemento dela.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que aquela moción, do 31 de xullo de 2008, dicía no punto terceiro: Instar ao equipo de goberno a que requira a todas as administracións públicas ou privadas que realicen obras no noso municipio, que acrediten que estas se adecúan co proxecto a través dunha empresa de organismo de control autorizado (OCA).

Acaban de falar agora da rede de sumidoiros, obras que non funcionan, que non están ben, que non se adaptan ao proxecto, di que é verdade que eles na moción non incluiron a rede de sumidoiros, porque non lles parecía perigoso, nalquel momento o que era grave eran os escapes de gas, que unha pá mecánica fixera un burato e que resultaba que alí había un tubo do gas que ninguén sabía que estaba alí, ..., iso era o que lles parecía grave. Saben que se fixeron instalacións de transformadores en Cambre con posterioridade a isto, polo tanto, a pregunta que fan é en que estado se encontra, e xa lle contestou, non fixeron absolutamente nada, como é habitual.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15842 o día 21 de novembro actual.

1ª Xa non é a primeira vez que o noso grupo expón a carencia de iluminación pública na ponte da ría do Burgo. Os orzamentos da Xunta de Galicia non contemplan ningunha partida económica para a mellora da seguridade na zona.

Ante esta necesidade o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Ten pensado o goberno local algún tipo de actuación para dotar de iluminación o mencionado lugar?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que as dúas pontes, tanto a medieval, a vella, como a nova, son pontes que comparten co Concello de Culleredo. A ponte vella tivo durante moito tempo ese balizado de iluminación baixa roto, o Concello de Culleredo reparouna, pero aínda esta mañá estivo falando con eles e, nos últimos días,

volveu deixar de funcionar, porque teñen un problema moi grave cos actos vandálicos, que lles estropean o centro de mando. Teñen o balizado reparado dende fai algún tempo, estivo funcionando aí atrás, pero deixou de funcionar estes días por culpa deses actos vandálicos que teñen perfectamente documentados, coas súas facturas, denuncias, e todo, pero están no proceso da súa reparación.

Continúa dicindo que con referencia á ponte nova, dentro do proxecto de reforma da estrada autonómica, cre que é a AC-212, na que estaba incluída a reforma da rúa Tapia, e na que se acaba de rematar agora tamén toda a reforma de cruzamentos e rotondas da zona de Culleredo, estaba incluído tamén unha modificación desa ponte coa construción dunha pasarela. O proxecto, a trazos xerais, o que vai a converter esa ponte é nunha ponte de tres carrís, para vehículos, e facer unha pasarela lateral que una os dous paseos marítimos de Culleredo e Cambre que será para os peóns. A ponte vella tamén quedará para os peóns, pero do outro lado.

Di que a cuestión é que, dentro de todo o proxecto de reforma, está paralizado, en concreto, no tramo da ponte. Loxicamente, cando se faga esa reforma dotarase de iluminación pública. O propio Concello de Culleredo comentoulle que tiñan pensado instalar algún tipo de iluminación, pero que a dificultade técnica para facelo é grande, posto que teñen que facelo cuns bastidores soportados por baixo da placa, e que se separen das varandas para poder iluminar. É un custo moi elevado, cando está en previsión facer unha reforma completa.

Di que o que van facer, e así o comentou co Sr. alcalde, e o comentou tamén co alcalde de Culleredo, é dirixirse á Xunta para que ese proxecto non siga paralizado, o retomen, porque teñen reformado dous tramos da estrada, do lado de Culleredo e do de Cambre, e en cambio teñen aí un funil que quedou sen solución, e que cada día está peor, a nivel de tránsito, de seguridade viaria e, entre outras cousas, tamén de iluminación.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el de verdade lle parece unha carallada o tema da ponte da ría do Burgo, no sentido de que aí se xogan a vida centos de persoas diariamente. Todos os que están aquí son conscientes de que esa ponte, dende o termo municipal de Cambre ao termo municipal de Culleredo, non ten nin unha soa bombilla. Di que a el non lle contan películas de que non se pode meter un báculo, e o Sr. Iglesias o debe comprender ao igual que el. Haberá sistemas que permitan dotar de iluminación á ponte e que poidan velar pola seguridade e pola vida das persoas, porque é un dos sitios máis perigosos que existen neste concello, incluso é máis, hai un paso de peóns en Culleredo que non ten unha luz alí, é un suicidio atravesar aquilo, tanto para as persoas que van cos vehículos como para as persoas que van a pé.

Respecto da ponte vella, efectivamente, é unha ponte que está en certo abandono e deterioración, sobre todo no que se refere ás luces piloto que tiña por alí. Imaxina que xa observaría que foi unha das achegas que fixo o seu grupo ao novo Fondo de

investimento local, a iluminación da ponte vella e mellorar un pouco o que é o acceso, porque eles consideran que alí hai barreiras arquitectónicas, porque unha persoa nunha cadeira de rodas non pode acceder a ela, cando debería ser realmente unha ponte peonil.

Conclúe dicindo que do resto pensa que habería que facer un verdadeiro esforzo, porque non é a primeira vez que presentan isto, debe ser a terceira, e igual pasaron dous anos. Pregunta se están esperando a que haxa un accidente grave alí, cre que non deberían esperar, que habería que facer un esforzo para dotar de iluminación a esa ponte.

2ª En relación co deber de asistencia a sesións plenarias dos membros da corporación, o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que os membros das corporacións locais están obrigados a concorrer a todas as sesións, agás xusta causa que o impida, que deberán comunicar coa antelación necesaria ao presidente da corporación.

- Sendo varias e continuas as ausencias a sesións plenarias por parte dun concelleiro do grupo socialista, considera o Sr. alcalde que este incumprimento está debidamente xustifico?

- Pode informarnos o Sr. alcalde da duración desta situación, e se ten tomado ou pensa tomar algún tipo de medidas respecto do tema?

O Sr. alcalde contesta que isto viño motivado por un novo emprego fóra do concello, organizarse, buscar vivenda, supuxo que durante uns plenos non estivera aquí e que hoxe está con eles, e se felicitan e agardan que siga de continuo.

3ª Sobre a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Recentemente saía publicado nos medios de comunicación a noticia de que o goberno eliminará as barreiras arquitectónicas existentes na Barcala.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

Cales son as actuacións previstas, e se se ten pensado actuar do mesmo xeito noutros espazos e edificios públicos como os accesos á Casa das Palmeiras, solicitada polo noso grupo vai para dous anos, ou corrixir o mal estado dos accesos e a precaria iluminación da ponte vella da rúa?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a obra á que se refire, e que xa se comezou, é unha obra para eliminación de barreiras arquitectónicas na baixada da rúa Barcés á zona de equipamento e do paseo da Barcala. Cre que todos saben que alí o acceso era a través dunha rampla, pero logo había varios tramos con escaleiras que o

facían imposible. É onde se montaron, ademais, os novos locais, que están agora para entrar a funcionar, hai unha zona deportiva e a propia zona do paseo.

Di que hai unha segunda fase dese traballo, que se abordará para o ano que vén, que é do outro lado, xunto á escola infantil, para darlle continuidade ao paseo mediante ramplas, e sen ter que utilizar as escaleiras.

Con respecto á eliminación de barreiras arquitectónicas e á accesibilidade, todos deberían recordar que na mesa de contratación que tivo lugar o venres 9 de outubro de 2009, o mes pasado, aprobouse a proposta de adxudicación en procedemento aberto para realización do Plan integral de accesibilidade para o Concello de Cambre. Unha empresa comeza agora, precisamente, os traballos para a detección e proposta de todos os temas de barreiras arquitectónicas e propostas de accesibilidade e, loxicamente, o que teñen que facer é guiarse un pouco pola orientación.

Conclúe dicindo que, de todas maneiras, estanse facendo todos os traballos que se acometen a través das brigadas, e de empresas, traballos de eliminación de barreiras sempre que se está actuando, como foi o caso ese da Barcala.

Don Juan Antonio Fernández López manifesta que eles referíanse un pouco ao tema específico, e así o puxeron, da Casa das Palmeiras, parécelles unha absoluta estupidez o que hai que facer alí, é unha rampla ridícula, pero unha escaleira que ás veces para a xente non é nada, para unha cadeira de rodas é un grande obstáculo, e hai que lembrar que para moitos é o único, ou polo menos o máis cómodo acceso para solicitar documentación municipal dende fai dous anos, e para moita xente supón un impedimento para levar a cabo parte da súa vida normal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que están de acordo.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15891 o día 23 de novembro actual.

1ª O concello ten aberto un expediente de orde de execución co número 21/88/07. Neste expediente hai unha proposta de resolución con data do día 3 de agosto de 2009, na cal, entre outras cuestións di: a execución subsidiaria terá lugar o día 19 de outubro de 2009, ás 9:00 horas. Cal é o motivo polo que non se cumpriu esta resolución?

O Sr. alcalde contesta que segundo o técnico municipal Fernando Garrido, o motivo da suspensión da execución subsidiaria que estaba prevista para o pasado 19 de outubro foi que se advertiu un erro de resolución no correspondente ao traballo cuxa execución subsidiaria pretendía o ordenado en Resolución de Alcaldía do 17 de febreiro de 2009. O día 26 de novembro actual ditouse unha nova Resolución de Alcaldía revocando a

anterior, polo erro existente nela, ordenando a execución subsidiaria da resolución incumprida. Di que pensa que a semana pasada tiveron unha reunión cos veciños para explicarlles este erro.

Don Manuel Marante Gómez di que o 26 de novembro é hoxe, e pregunta para cando se vai executar iso.

O Sr. alcalde responde que cre que son 15 días, non o sabe, pero que llo dirá mañá. Di que estiveron o outro día con Fernando Garrido, porque en principio se ía rozar, e agora hai que curtar.

O Sr. Marante di que iso había que facelo antes tamén, porque non pode ser que no centro do núcleo haxa o que hai alí, criando ratas, culebras, etc. Di que agarda que non pase como co das licenzas, que a ver se fan cumprir as cousas.

2ª Na praza Manuel Murguía acaban de investirse preto de 300.000 € por parte do concello. Pode o goberno municipal explicarnos a que uso vai ser destinada esta praza?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que exactamente son 223.895,69 euros e vai ser unha praza peonil.

Don Manuel Marante Gómez pregunta cando a van poder utilizar, porque de momento está de almacén de mesas e cadeiras dun local comercial que hai alí, eso si, están gardando que a xente non pise a pouca herba que se deixou no medio. As mesas e as cadeiras dun local comercial están arredor da herba para que a xente non pise, por iso pregunta se se vai alugar para almacén ou se a van poder usar os veciños despois da pasta que custou.

3ª No pasillo e na sala de xuntas do local dos grupos municipais, están almacenados multitude de cadros, cremos que non é o lugar máis axeitado.

Quen ordenou usar este local como almacén?

Quen se responsabiliza se se deteriora algún cadro, ou se desaparece?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que, efectivamente, ese local usouse para gardar os cadros do certame de pintura dunha maneira moi temporal, foi durante o mes de novembro, o día 30 xa estarán os cadros todos retirados. Di que houbo sempre dende as 9:00 da mañá ata as 15:00 unha persoa responsable, coa porta pechada, abrindo a quen chamaba, para entregar os cadros. Non había problema de que sufriran ningún percance, e, se así fora, hai un seguro que cubriría calquera desperfecto.

Di que lamentan se na sala de xuntas de reunións ocasionaron algunha pequena molestia, pero era un local adecuado para iso, e foi moi pouco tempo, como dixo o mes de novembro.

Don Manuel Marante Gómez di que non vai meter leña ao lume. Di que estivera as horas que estivera alí, porque houbo momentos que houbo xente alí e outros non, o que lle parece é que non é o lugar adecuado encher a sala de xuntas e o pasillo de cadros. Di que por esta vez xa foi así, pero que agarda que para outro ano se faga en salas de xuntas e pasillos noutros sitios do concello, porque aínda que se poida pechar, alí entra moita xente, moita, de todo tipo, non entran só concelleiros alí.

Conclúe dicindo que hai que respectar os cadros, posto que se dan uns premios substanciosos para ese tema, cre que hai que ter outro sitio para salvagardalos de calquera problema que poida xurdir.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia